



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Dereito

Curso Académico:2018/2019

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	4
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	4
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	17
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	28
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	57
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	70
Directriz 6. Información pública	82
3. Plan de Melloras do centro	87
4. Modificacións nos diferentes títulos	¡Error! Marcador no definido.
5. Listaxe de evidencias e indicadores	104

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Dereito, de acordo co proceso PE-02, Revisión e Mellora, do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) é o documento que recolle a análise do funcionamento do SGC da Facultade e o desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos á mesma.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Dereito, correspondente ao curso académico 2018/2019, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, aos títulos impartidos no centro e ao Plan de Melloras do Centro (incluíndo as Accións de Mellora programadas a nivel de centro para o curso 2019/2020), así coma os Informes de seguimento das titulacións impartidas no centro (dispoñibles no enlace web facilitado no Anexo).

O presente documento xorde dun primeiro borrador elaborado por un equipo formado pola Secretaria Académica da Facultade de Dereito e Responsable de Calidade do Centro (Sonia Esperanza Rodríguez Boente), o Coordinador do Grao en Criminoloxía (Fernando Vázquez-Portomeñe Seijas) e os coordinadores dos Másteres Universitarios da Avogacía (Lotario Vilaboy Lois), Fiscalidade Internacional e Comunitaria (José Manuel Iglesias Casais) e de Estudos Internacionais (Miguel Arenas Meza). Dito borrador de Memoria foi remitido con tempo ós membros da Comisión de Docencia e Calidade antes da súa xuntanza de data 18/12/2020, onde se debateu sobre o contido do mesmo e, finalmente, foi aprobado. Posteriormente, a Memoria foi de novo aprobada pola Comisión permanente, delegada da Xunta de Facultade do centro na xuntanza celebrada o día 18/12/2020. Posteriormente, foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno celebrada o 3 de marzo de 2021.

Polo que se refire á estrutura do Centro, os títulos impartidos no curso académico 2018/2019 foron os seguintes:

- a. Grao en Dereito (GD)
- b. Dobre Itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos (DGDRLRH)
- c. Grao en Criminoloxía (GC): impártese por primeira vez no curso 2018-2019.
- d. Máster Universitario en Avogacía (MUA, nos campus de Santiago e Lugo)
- e. Máster Universitario en Estudos Internacionais (MUEI)
- f. Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MUFIC).

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia no mesmo no curso de referencia foi o seguinte:

TITULACIÓN	ESTUDANTES NO CURSO 2018-2019	DOCENTES
GRAO EN DEREITO	902	100
DOBRE ITINERARIO EN DEREITO E RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS	29	124
GRAO EN CRIMINOLOXÍA	50	28
CURSO PONTE GRAO EN CRIMINOLOXÍA	50	31
MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA, SEDE SANTIAGO DE COMPOSTELA	107	25
MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA, SEDE SANTIAGO DE COMPOSTELA	24	16
MÁSTER UNIVERSITARIO EN ESTUDIOS INTERNACIONAIS	41	14
MÁSTER UNIVERSITARIO EN FISCALIDADE INTERNACIONAL E COMUNITARIA	20	18

- O persoal de administración e servizos (PAS) que desenvolve a súa labor na Facultade de Dereito é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o PDI e estudantes. Con todo, do mesmo xeito que sucede no caso do PDI, sufriron recortes nos últimos anos. De acordo coa E-16-Información sobre o persoal de apoio, o Centro conta con 13 PAS, se ben non todos prestan servizo directo ao Grao en Dereito (sucede cos destinados no CEDE -Centro de estudos e documentación europea-, un xefe de negociado destinado na Escola de Práctica Xurídica ou no Negociado de Criminoloxía, por exemplo). Destácase a antigüidade no posto e na escala, superior aos 8 anos excepto en dous casos.
- Todo o PAS conta co nivel de cualificación esixido. Aínda que, faise constar que o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro, polo que tampouco procede valorar a contratación e mellora do persoal de apoio máis aló da reivindicación de PAS que alixeire a excesiva carga de traballo de xestión que na actualidade é asumida polo PDI.

En canto aos órganos para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade, cóntase cos seguintes:

Unipersoais:

- Decana
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinadores/as de Título

Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Docencia e Calidade do Centro (CDC)
- Comisións de Título (CT)

Por riba deles, a **Xunta de Facultade**, o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A documentación de referencia inclúe, ademais das recollidas no punto 2. **Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade** (Manual do SGIC, Manual de Procesos e Procedementos), a normativa estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, así coma as Memorias do Grao en Dereito e dos respectivos Másteres Universitarios.

Tal e como se recolle no Manual Simplificado do SGIC (versión 3), a Facultade de Dereito decidiu que a súa Comisión de Calidade teña a mesma composición que a Comisión de Docencia, co engadido dos coordinadores dos másteres universitarios oficiais adscritos á Facultade e do responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.

Na actualidade, e de acordo co disposto no artigo 34 do Regulamento de Réxime interno da Facultade de Dereito, a Comisión está composta pola Decana, que a presidirá, a Vicedecana de Asuntos Económicos e Infraestruturas e o Vicedecano de Organización Académica (segundo a nova estrutura do equipo decanal), a secretaria da Facultade (que tamén o é da Comisión e é, asemade, Responsable de Calidade do Centro RCC), os coordinadores das titulacións oficiais adscritas (coordinadores do Grao en Criminoloxía e dos Másteres oficiais), a persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade, así coma unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade (en número de doce e distribuídos do seguinte xeito: catro membros do profesorado con vinculación permanente, dous membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, cinco estudantes de grao e un estudante de Máster ou doutoramento).

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **A vixencia da Política de Calidade.**

A política de calidade definida polo Plan estratéxico da Facultade, aprobado pola Xunta de Facultade de Dereito o 30 de novembro de 2017 e pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 12 de decembro de 2017, está plenamente vixente.

A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela desenvolve a súa política de calidade a través deste plan estratéxico, do plan de melloras e da memoria de calidade anual e é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, de cara a garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia da sociedade actual.

A política de calidade debe manterse incluso en situacións como a que estamos a vivir na actualidade, na que se fai visible

Misión. A Facultade de Dereito é unha institución pública, incardinada na USC, que ten como misión contribuir á formación integral e rigorosa dos futuros xuristas, nunha contorna estimulante e de excelencia académica. Somos un centro comprometido coa educación baseada nos principios democráticos e co desenvolvemento da sociedade do século XXI. O persoal docente e investigador desta facultade conforma grupos de investigación de referencia no eido xurídico, promovendo o desenvolvemento dos saberes xurídicos, potenciando actividades de investigación, de difusión e de relacións coas Administracións públicas, empresas, institucións e centros de investigación . A eles súmanse o persoal de administración e servizos e o alumnado do centro.

Visión. A Facultade de Dereito busca potenciar o seu recoñecemento como un centro de referencia e de prestixio en docencia e investigación, tanto a nivel nacional como internacional, sen perder nunca de vista o seu compromiso coa sociedade, en especial a galega. Neste senso, o noso carácter de servizo público debe convivir cun modelo universitario personalizado, transparente, sostible, eficaz e adaptable, capaz de atender de xeito efectivo ás necesidades dos distintos grupos de interese.

Valores. Máis aló da produción e transmisión do coñecemento xurídico, a Facultade de Dereito promove a educación baseada nos principios de igualdade, liberdade, xustiza e pluralismo político, propios dunha sociedade democrática e de Dereito. O centro garante a igualdade de oportunidades e de condicións, rexeitando as desigualdades e discriminacións por razón de xénero, clase social, orixe étnica ou racial, de orientación sexual ou de diversidade funcional. Asemade, apóstase polo desenvolvemento sostible e pola transparencia, tanto no seu funcionamento cotiá como dos distintos órganos que pertencen á Facultade.

- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro.

En primeiro lugar, é preciso aclarar que o Plan Estratéxico da Facultade de Dereito remataría a súa vixencia en decembro deste ano 2020 (período 2017-2020) e cumpriría aprobar un novo. Pese a isto, e tendo en conta o contexto actual, o Sr. Reitor da USC asinou unha resolución, con data 7 de outubro, indicando que se adiaba a aprobación do novo Plan Estratéxico da USC (con vixencia 2011-2020) polo que os centros que xa tiñan aprobados os seus e remataban a súa vixencia no 2020 (caso da Facultade de Dereito) tiñan que acordar a súa prórroga ata o 2022, cos axustes necesarios para adaptalo á programación plurianual da USC (2019-2022), aprobada polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019. No mes de decembro deste ano 2020 procederemos á devandita adaptación. Polo de agora cumpre comprobar o grao de cumprimento do Plan Estratéxico no curso 2018-2019.

As liñas estratéxicas definidas no Plan Estratéxico da Facultade de Dereito son 5: 1. Calidade da docencia; 2. Calidade da investigación; 3. Sistema de Garantía interno de Calidade do Centro (SGIC); 4. Relacións cos grupos de interese externos; 5. Xestión.

Cada unha destas liñas concrétnanse en obxectivos estratéxicos, á vez que estes quedan definidos polas correspondentes accións estratéxicas.

Liña 1. Calidade da docencia. Que consta de cinco obxectivos estratéxicos:

1. Incrementar a oferta docente de Grao e Posgrao no centro. Neste obxectivo estratéxico definíronse no Plan estratéxico 3 accións estratéxicas:

A. Implementar o dobre itinerario en Dereito e ADE.

Esta acción estratéxica non se puido materializar, a pesares das xuntanzas mantidas polos equipos de goberno de ámbalas dúas titulacións e a vontade de cumplila existente en ámbolos dous equipos. A dificultade fundamental foi a necesidade de dar cobertura á titulación de ADE con sede en Lugo, tendo en conta os problemas loxísticos que a distancia xeográfica provocaba. Plantexamos a posibilidade de facer un semestre completo impartindo só as materias do Grao en Dereito e o outro só as materias de ADE, para que o alumnado residira durante ese tempo nun so campus, pero, finalmente, non se tivo claro que esta posibilidade puidese funcionar. Por outra banda, a distancia entre o Facultade de Dereito (que se atopa no Campus Vida, na zona sur) e a Facultade de ADE (no Campus Norte) dificulta tamén o desprazamento do alumnado que cursa o Dobre itinerario.

B. Implementar o Grao en Criminoloxía.

O curso de implatación do Grao en Criminoloxía foi, precisamente, o 2018-2019. Esta acción estratéxica está, polo tanto, cumprida o 100%. O Grao continúa a impartirse, xunto cun Curso Ponte.

C. Manter e incrementar a oferta de Posgraos.

No curso académico 2018-2019 ofertáronse:

– Máster propio:

- MIB3 - Máster Propio en Seguridade, Paz e Conflitos Internacionais
- MIB5 - Máster Propio en Tratamento e Protección de Datos
- MIB7 - Máster propio Internacional en Prevención e represión do branqueo de diñeiro, fraude fiscal e “compliance”.

Mentres o MIB3 e o MIB 5 xa se ofertaban no curso académico 2017-2018, incrementouse a oferta con MIB7, polo que podemos considerar cumprida esta acción estratéxica polo que respecta ós Másteres propios.

– Cursos de especialización:

- EID3 - Curso de Especialización en Mediación Familiar e Escolar (Cancelado)
- EID8 - Curso de Especialización en Mediación no ámbito Civil, Mercantil e Bancario (Cancelado)
- EID9 - Curso de Especialización en Mediación no ámbito penal, policial e comunitario (Cancelado)
- EI38 - Curso de Especialización en Relacións Laborais

Incrementouse a oferta respecto ó curso 2017-2018, no que se ofertou so o EI38. Con todo, os EID3, EID8 e EID9, finalmente se cancelaron por non ter chegado o número mínimo de matrículas requirido. Pero a oferta de cursos de especialización sí se incrementou, polo que entendemos acadada tamén esta acción estratéxica con respecto ós Cursos de Especialización.

– Cursos de formación continua:

- FI3H - Curso Básico de Dereito inmobiliario. Arrendamentos urbanos e propiedade horizontal: perspectiva actual
- FI82 - Curso de Experto en Relacións Laborais
- FI47 - Curso de Perfeccionamento en Dereito de Familia e Sucesións
- FI80 - Curso de Perfeccionamento en Fiscalidade Internacional
- FI7L - Curso de perfeccionamento en prevención e represión do branqueo de diñeiro, responsabilidade criminal das persoas xurídicas e fraude fiscal.

Neste caso a oferta é exactamente a mesma que a do curso académico 2017-2018; mantense a oferta polo que tamén debemos considerada acadada esta acción estratéxica.

2. Mellorar as infraestruturas docentes do centro. Neste obxectivo inclúense tres accións estratéxicas:

A. Renovar equipamento nas aulas.

Durante o curso 2018-2019 se ampliou o aulario coas novas Aulas 12, 13, 14 e 15. As restantes aulas adaptáronse na medida na que a estrutura do edificio o permitiu, equipándose con tomas de corrente e mellorando a cobertura da rede wifi; Tamén se procedeu a equipar á facultade cunha Sala para Videoconferencias. Instaurouse tamén un servizo de préstamo de ordenadores portátiles para os estudantes. Máis información sobre as aulas da Facultade atópase na web: http://www.usc.es/gl/centros/dereito/horario_aulas.html.

Por outra banda, procedeuse á instalación de ordenadores fixos nas aulas así como á renovación de proxectores e demais equipamento.

B. Mellorar a organización das aulas destinadas a docencia interactiva.

Procedeuse á adquisición de mobiliario para a aula 18, coa peculiaridade de que se trata dun proxecto piloto con postos móbiles que converten a aula en polivalente (útil tanto para docencia interactiva como expositiva).

C. Mellora da páxina web do Centro no marco da web da USC.

A xestión da páxina web da Facultade de Dereito non era (nin polo de agora é) competencia de persoal da Facultade, senón dos servizos centrais. Ata o de agora, o único que podiamos facer dende os centros era suxerir ou propoñer cambios, pero a rixidez da web impedía a necesaria particularización en función das necesidades de cada centro. Esta era a situación no curso 2018-2019 e polo mesmo definiuse esta acción estratéxica.

No curso 2019-2020 a USC abordou a necesidade de mudar esta situación, polo que estamos inmersos no proceso de reforma das web dos centros, proceso que se viu ralentizado, pero non esquecido, pola nova situación derivada da pandemia COVID-19.

A USC, despois da publicación da primeira fase da renovación da web institucional da USC, ten iniciada unha segunda fase de deseño e desenvolvemento das webs de centros. Así, tanto representantes do Gabinete da Reitoría como o Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade mantiveron xuntanzas en febreiro e marzo con representantes de decanas/os e directoras/os para definir un modelo de deseño e contidos común e avanzar, igualmente, na organización da intranet de centro.

A nova web de Dereito publicarase a comezos do ano 2021, seguindo o seguinte modelo, con 4 bloques de información. O apartado Calidade ocupa un espazo propio, o que da conta do seu protagonismo: neste apartado da web de Dereito incluíránse os seguintes aspectos:

2.4. Calidade

2.4.1. Política de calidade

2.4.2. Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Dereito

- Manual de Calidad

- Manual de procesos

2.4.3. Órganos do SGC

- Comisión de Docencia e Calidade

- Responsable de Calidade do Centro

- Comité Consultivo (Composición concreta: actualizar)

2.4.4. Documentación do SGC

2.4.4.1. Planificación e Obxectivos de Calidade

- Plan estratéxico da Facultade de Dereito 2017/2020

- Memorias de Calidade

2.4.4.2. Seguimento dos títulos impartidos no Centro

- Grao en Dereito

- Grao en Criminoloxía

- Máster en Avogacía

- Máster en Estudos Internacionais

- Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria.

Polo que se refire á suficiencia e relevancia da información subministrada, de acordo co IN23G: Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, sitúase no 2,81 sobre 5, ao tempo que no INF22 Informe da enquisa de satisfacción de egresados, P2. Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada? Acada un 3,27 sobre 5, cando a media dos Graos da USC é de 3,04.

Ademais faise tamén un uso case diario das redes sociais da Facultade (sobre todo, Facebook <https://www.facebook.com/FacultadeDereitoUSC/> e Twitter @DereitoUSC). Neste senso, tense impulsado as comunicacións co PDI, PAS, alumnos, egresados, administracións, empregadores e demais grupos de interese.

3. Mellorar o rendemento dos estudantes. Este obxectivo se concreta en tres accións estratéxicas:

A. Mellorar as taxas de rendemento dos nosos estudantes.

Remitímonos ó disposto en páxs. 18 e seguintes desta memoria.

B. Crear un programa de alumnos orientadores para os alumnos de novo ingreso.

A USC conta cun programa de titores no marco do Macroprograma A PONTE entre o ensino medio e a educación superior. Da convocatoria do curso 2018-2019, referenciada no seguinte enlace:

<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/CONVOCATORIA-PROGRAMA-DE-TITORES-curso-2018-19.pdf> resultaron nomeados alumnos titores do alumnado de

primeiro:

Máximo Adrián Pedreti

Iago Pérez Picos

Javier Jesús Pérez López

Natalia Gaspar de la Iglesia

A pesares de definir esta acción estratéxica, o certo é que no momento de ter que materializada na práctica, chegamos á conclusión de que conformar un programa de titores propio do centro suporía un solapamento con respecto ó do Programa A ponte.

C. Crear un programa de mentoring con tutores académicos da Facultade.

Ó igual que sucedeu co programa de titores, a pesares de definir esta acción estratéxica no Plan estratéxico da Facultade, entendemos que se solapaba co Programa que a USC oferta dende o curso académico 2015-2016 (referenciado na dirección web <https://www.usc.es/gl/proxectos/mentoring/>), dabondo para cubrir as necesidades do noso alumnado.

4. Mellorar a formación docente dos profesores. Neste obxectivo estratéxico definíronse tres accións:

A. Manter as clases de inglés xurídico destinadas aos membros do persoal docente e investigador:

O Decanato da facultade organizou un curso de inglés xurídico no marco do PFID, de grande éxito en todas as convocatorias e que está orientado á consecución dun nivel C1 de acordo co MCR de linguas. No curso 2018/2019 o curso tivo lugar nas seguintes datas: 7, 14, 21, 28 maio, 4, 11, 18 e 25 xuño, 2, 9, 16, 23 xullo (martes en horario de 18.30 a 20h). Total 18 horas.

B. Trazar unha folla de ruta para o establecemento de docencia en inglés nalgunhas materias, sempre e cando isto supoña un recoñecemento ó labor docente.

A pesares de que no plan estratéxico se definiu esta acción, tras recabar a opinión do PDI da Facultade, chegamos á conclusión de que, tendo en conta o perfil do estudantado que chega ás nosas aulas e a proxección profesional do mesmo, a docencia en inglés non sería o mais aconsellable.

O curso de inglés xurídico impartido ó profesorado enténdese no contexto de mellorar a súa proxección internacional (asistencia a cursos, congresos, seminarios nos que a lingua vehicular sexa o inglés), pero non para a súa función docente.

C. Promover a organización de cursos de formación docente no marco do PFID da USC.

O profesorado que participa na impartición do Grao de Dereito conta coa cualificación docente e investigadora esixida, tanto o PDI con vinculación contractual como funcionarial. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título é do 93.51% no curso 2018/2019, fronte ao 44,83% do curso de implantación do Grao (2010/2011). Así mesmo, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total actual é do 86.96%, mentres que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é do 59.78% -explicable en boa medida pola medida de conxelación do emprego público experimentada neste anos.

Nesta liña de valoración da experiencia docente e investigadora, é especialmente salientable o dato de que os 98 profesores que impartiron docencia no centro no curso 2018-2019, sumen 215 sexenios e 334 quinquenios. Con todo, a distribución por categorías reflicte as porcentaxes aínda relativamente baixas de PDI funcionario, causado pola falta de oferta de emprego público (26 catedráticos e 29 titulares).

Pero a Facultade é consciente da importancia da participación do profesorado en cursos de formación. A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), oportunidades de formación docente a través da celebración de diversos cursos. Algúns destes están especialmente enfocados aos docentes da Facultade <http://www.usc.es/es/servizos/pfid/>. Merece destacar a existencia de 13 Grupos de Innovación Docente na propia facultade (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/lisgruinodoc.html>)

5. Mellorar a información dispoñible sobre a inserción laboral dos egresados das titulacións ofertadas no centro.

No marco deste obxectivo, definíronse dúas accións estratéxicas:

A. Manter o contacto cos empregadores para coñecer e actualizar as necesidades do mercado laboral.

A Facultade de Dereito conta cun Comité Consultivo coa seguinte composición no curso 2018-2019 (que non é a mesma na actualidade):

Gumersindo Guinarte Cabada (Decano da Facultade e presidente do Comité)

Marta Otero Crespo (Vicedecana da Calidade, Asuntos Económicos e Infraestruturas e Responsable de Calidade do Centro. Secretaria do Comité).

José María Graíño Ordóñez (Notario. Vogal do Comité).

Nuria Palmero Sande (Asesora do Valedor do Pobo. Vogal do Comité)

Francisco Rabuñal Mosquera (Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Vogal do Comité).

Xosé Antón Sarmiento Méndez (Letrado Oficial Maior do Parlamento de Galicia. Vogal do Comité).

M^a Luísa Prego de Oliver López (Xefa de servizo na Asesoría xurídica do Concello de Santiago de Compostela. Vogal do Comité)

As xuntanzas cos membros deste Comité nos permiten ter información de primeira man de empregadores en distintos sectores do mundo xurídico, sobre as eivas que detectan nos titulados en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Durante o Curso 2018-2019 tivo lugar unha xuntanza, en concreto o 21 de febreiro de 2019, que se centrou en recabar a opinión dos membros do Comité sobre a temática a abordar nas Xornadas de Saídas profesionais que se celebran tódolos cursos académicos no segundo semestre do ano, e que está orientada ó alumnado que se atopa cursando cuarto curso e sobre cales serían os aspectos formativos que precisan mellora no estudantado do Grao en Dereito. Polo que respecta á primeira cuestión, os membros do Comité apuntaron que sería interesante abordar aspectos como as profesións xurídicas relacionadas coas tecnoloxías da información e comunicación (mais en concreto o dereito e as redes sociais), a protección de datos, o dereito ambiental e o dereito de consumo. Polo que respecta á segunda cuestión apuntouse a necesidade de ampliar a duración das prácticas externas, e mellorar a formación en argumentación xurídica e retórica.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Comite-consultivo-do-Grao-en-Dereito.pdf>

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Acta-21-2-2019-Comite-Consultivo.pdf>

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Consultas-e-respostas-Comite-Consultivo-2019.pdf>

Aínda que a Comisión académica do Máster en Avogacía acordara crear un Comité específico para a titulación, a execución deste acordo pospúxese ó comprobar que a información do Comité creado no seo da Facultade pode resultar suficiente tamén para o Máster.

No ámbito específico do Máster de Estudos Internacionais, a súa Comisión Académica decidiu atender a posibilidade ofrecida polo Regulamento sobre titulacións oficiais de Grao e Máster da USC, aprobado en xullo de 2017, de crear un Comité Consultivo do título: 3.6. Ademais, poderá crearse un comité consultivo do título ou do centro, segundo estableza ou SGC do centro, para ter en conta a información dúas egresados, colexios profesionais, empresas e, en xeral, unha representación dous grupos de interese. De existir non centro responsable un comité consultivo axeitado para ou título proposto, non creárase outro novo.

A proposta foi discutida e aprobada na reunión da Comisión académica celebrada o 1 de decembro de 2017, elaborándose unha lista de institucións susceptibles de participar no mesmo. O Comité Consultivo celebrou a súa reunión constitutiva o 27 de setembro de 2018 contando cos seguintes participantes: – D. Víctor Arce Vázquez, Vicerreitor de Internacionalización (USC). – D. Gumersindo Guinarte, Decano da Facultade de Dereito (USC). – Coordinador do Máster en Estudos Internacionais – Coordinadora do Grupo de Estudos Internacionais da USC (GRESIN) – Membros do claustro de profesores do Máster Membros do Consello Consultivo: – D. Jesús Gamallo, DX de Relación Exteriores e coa UE – Fundación Galicia-Europa – Dna. Amparo Taboada, Directora de Europedirect - Deputación da Coruña. – D. José Lago, Director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal (AECT). – Dna. Rosa Maria Cardeso, Secretaria da Cámara de Comercio e Industria de Santiago – D. Ghaleb Jaber Ibrahim, Presidente da Fundación Araguaney. – D. Florencio Silvestre, SECOT (Voluntariado Senior de Asesoramento Empresarial). – D. Francisco Rodríguez Moure, COLABORA Enxeñeiros. - Na reunión foi acordado un plan de actividades formativas e complementarias destinadas aos alumnos para desenvolver ao longo do curso, así como a celebración dunha reunión anual do Comité Consultivo coincidindo co inicio de curso. Dita reunión tivo lugar o 25 de setembro de 2019, e nela o Coordinador informou o Comité sobre diversas cuestións relacionadas co Máster, entre elas: - Valoración do curso do pasado ano ou Número de alumnos (% de estranxeiros) ou Número de TFM defendidos - Valoración do curso presente - Resultados da avaliación externa do título - Convenio coa Deputación Provincial A constitución deste Comité Consultivo, que permite recoller a opinión e necesidades de representantes de organismos empresariais, sociais e institucionais relacionados coa temática da titulación, foi destacado como un dos principais puntos fortes da titulación no Informe Provisional de Avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG.

O Grao en Criminoloxía e o MFIC, aproveitan tamén as sinerxias do Comité Consultivo da Facultade.

B. Manter o contacto cos alumnos egresados das distintas titulacións impartidas no centro.

O elevado número de alumnado egresado do Grao en Dereito, impide o seguimento individualizado, tendo en conta o escaso persoal de administración e servizos co que conta a Facultade. Coñecer a situación profesional dos egresados do grao en Dereito, constitúe unha demanda case histórica da nosa Facultade. O mesmo sucede no caso do MEI e o MFIC (no caso do Grao en Criminoloxía, aínda non se chegou ó punto de poder facer este tipo de análise). No caso do Máster en Avogacía, a Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela vén suplindo dita carencia cos seus propios medios, como destacou nos seus Informes provisional e definitivo a Subcomisión derivada da Comisión de Avaliación da Rama de Coñecemento en Ciencias Sociais e Xurídicas da ACSUG para a Renovación da Acreditación (2016) e eloxiou a ACSUG no Informe final de Seguimento 2017/2018. Desde a dirección da EPJ e a coordinación académica do Máster, co apoio dos servizos administrativos e de bolseiros (así como do ICA Lugo), realízase anualmente un seguimento telefónico aos egresados. Este seguimento interno reflicte que unha destacada porcentaxe

destes ex-alumnos accederon ao mercado laboral durante o ano seguinte á terminación da súa formación. A este razoable grao de inserción laboral contribúe o Servizo de Apoio ao Emprendemento que ten a USC e o Departamento de recepción de ofertas laborais da EPJ de Santiago.

Do traballo de campo realizado pola Escola de Práctica Xurídica de Santiago e o ICA de Lugo no mes de marzo/abril de 2020, para coñecer de forma directa a taxa de inserción laboral dos egresados correspondentes á VI Promoción (2017-2019), que finalizaron os seus estudos no mes de febreiro de 2019 (a VII Promoción aínda acaba de finalizar os seus estudos en febreiro de 2020), obtivéronse os seguintes resultados:

CAMPUS DE SANTIAGO:

Dos 59 alumnos integrantes da promoción, logrouse contactar con 53 (90.00%), resultando que:

- 20 atópanse dados de alta como avogados/ as exercentes. (15 con despacho propio e 5 en despacho de avogados titularidade doutro profesional)
- 7 traballan noutras entidades, organismos e empresas
- 15 atópanse realizando oposicións á función pública
- 5 están a cursar outros estudos de posgrao
- 2 non están a realizar ningunha actividade concreta (en situación de procura de emprego)
- 4 non quixeron responder o cuestionario telefónico

Liña 2. Calidade da investigación. Con 2 obxectivos estratéxicos:

1. Visibilizar as actividades investigadoras do PDI: Á súa vez con 2 liñas estratéxicas:

A. Fomentar o rexistro do PDI en ORCID: executada en colaboración co persoal da Biblioteca Concepción Arenal.

Actualmente hay 69 membros do PDI da Facultade de alta no rexistro ORCID da Facultade.

B. Publicitar no centro as obras publicadas polo PDI: executada grazas a instalación dunha vitrina na que os membros do PDI poden expoñer as súas publicacións.

2. Avanzar no proceso de internacionalización da investigación realizada polo noso PDI: Con 2 liñas estratéxicas:

A. Captar recursos (internos ou externos) para o financiamento de cursos de inglés que melloren as competencias lingüísticas do PDI.

Executada.

B. Fomentar a internacionalización mediante as relacións con institucións e investigadores estranxeiros.

En execución permanente (neste senso, ademais das actividades de ornaización de cursos, congresos, seminarios e conferencias, o programa Erasmus + tamén serve como vía para a conexión con institucións e investigadores estranxeiros).

Liña 3. Sistema de Garantía Interno de Calidade(SGIC). Nesta liña inclúese como obxectivo estratéxico o de fomentar a cultura de calidade do centro e, como accións estratéxicas no seu seo:

A. Incrementar a participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese.

En execución permanente (os resultados das AAMM levadas a cabo amosan un incremento na participación).

B. Divulgar o SGIC

En execución permanente.

C. Certificar o SGIC

Pendente de execución.

Liña 4. Relación cos grupos de interese. Cos seguintes obxectivos estratéxicos:

1. Coñecer as demandas da sociedade no que se refire á formación no eido xurídico. Coas seguintes accións:

A. Reunións do Comité consultivo do Grao en Dereito

En execución permanente, cunha periodicidade de dúas xuntanzas por curso académico (a última delas o 15/12/2020)

B. Manter o contacto cos empregadores, tanto no eido privado como público.

En execución permanente.

2. Potenciar a oferta de cursos, seminarios e congresos con temáticas atractivas para a sociedade

A. Apoiar a organización de cursos, seminarios, xornadas e congresos presentados polo PDI da Facultade cedendo os espazos do centro

En execución permanente. Perante o curso académico 2018/2019 se convocaron por Resolución decanal 1/2019, de 15 de febreiro, axudas para a realización de actividades científicas e académicas na Facultade de Dereito. O Decano da Facultade de Dereito da USC, á vista da proposta da Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Biblioteca da Xunta de Facultade na súa reunión ordinaria de 25 de abril de 2019, resolveu que os solicitantes beneficiarios das axudas foran:

Ana Rodríguez Álvarez (600 euros)

Natalia Pérez Rivas (600 euros)

Alba Nogueira López (600 euros)

José Julio Fernández Rodríguez (600 euros)

Julio Jorge Urbina (600 euros)

B. Celebrar Rapid response seminars nos que se debatan recentes reformas legislativas e temas de actualidade.

En execución a través dos seminarios da Facultade, nos que se abordaron os seguintes temas.

No curso académico 2018-2019 non tivo lugar ningún seminario de Facultade, polo que este obxectivo non está acadado.

Liña 5. Xestión. Con 2 obxectivos estratéxicos:

1. Reducir a carga de traballo administrativo do PDI. Neste apartado hai 2 accións:

A. Recoñecemento efectivo das labores de xestión realizadas por docentes.

Esta acción non depende da Facultade, e non está acadada.

B. Buscar fórmulas no marco da USC que conleven a redución da carga administrativa que recae sobre o PDI.

Esta acción non depende da Facultade, e non está acadada.

2. Fortalecer a Unidade de Xestión de Centros e Departamentos. Neste apartado hai 3 accións:

A. Mellorar e redimensionar os espazos administrativos do Centro.

Pendente de ser acadada. A implantación do novo Grao en Criminoloxía exixirá no futuro próximo unha redistribución dos espazos e competencias do PAS.

B. Adaptar a estrutura organizativa de xestión e de servizos á realidade do Centro.

Pendente de ser acadada.

C. Elaborar unha programación administrativa anual.

Esta liña está sendo implementada polo Xestor do Centro.

• **A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.**

Remitímonos ó reflectido no apartado anterior sobre os obxectivos marcados no Plan estratéxico do Centro.

- **A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).**

Outro elemento que é necesario avaliar en relación co desenvolvemento da política de calidade é o grao de cumprimento do plan de melloras no exercicio obxecto de análise. A este respecto, no capítulo 3, apartado 3.1, dase conta da execución das accións contempladas no plan de melloras 2018-2019.

A AM-3, sobre o necesario axuste entre as prazas ofertadas e as contidas na memoria verificada (MVT), cando se realice unha modificación da memoria, sendo a Comisión de Docencia e Calidade o órgano responsable do seguimento, hai que dicir, que non abordándose polo de agora unha modificación da memoria, no se abordou o devandito axuste. Si é preciso facer constar a insistencia da Facultade en aumentar as prazas de novo ingreso do alumnado do Grao en Dereito, tendo en conta a demanda existente.

Código	IN01C
Nome	Prazas ofertadas
Procedemento de Cálculo	Número de prazas ofertadas para cada curso académico. Achega información sobre a evolución da oferta de prazas asociada a ese título, para a reflexión sobre o proceso de captación de estudantes na USC.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Dobre Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	20,00	20,00	20,00	20,00
Grao en Criminoloxía	-	-	-	-	-	50,00
Grao en Dereito	180,00	180,00	170,00	170,00	170,00	170,00
Máster Universitario en Avogacía [L]	35,00	-	-	-	-	-
Máster Universitario en Avogacía [S]	35,00	70,00	90,00	-	80,00	80,00
Máster Universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	30,00	30,00	-	-	-	-
Máster Universitario en Dereito Privado	0,00	-	-	-	-	-
Máster Universitario en Estudos Internacionais	40,00	40,00	40,00	40,00	40,00	40,00
Máster Universitario en Fiscalidade	20,00	0,00	20,00	0,00	20,00	20,00

Internacional e Comunitaria						
Total	340,00	320,00	340,00	230,00	330,00	380,00

No curso 2018-2019, o número de solicitudes de novo ingreso do Grao en Dereito foi de 765, admitíndose só a 170, isto é, un 22%; tamén, o número de solicitudes de novo ingreso para o Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos, foi de 155, e se admitiron 23, un 15%.

Na Xunta de Facultade de 31 de xaneiro de 2018, tratouse o tema do número de prazas informadas pola Xunta do Grao en Dereito, do Dobre itinerario de dos Másters que se imparten na Facultade, e acordouse propoñer o seguinte número de prazas:

Grao en Dereito: 240 prazas

Máster en Avogacía: 55 prazas para a sede de Santiago de Compostela e 25 prazas para a sede en de Lugo.

Máster en Estudos internacionais: 40 prazas.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria: 20 prazas.

Nesa xuntanza o entón Sr. Decano expuxo as razóns que levaban ó equipo decanal a propoñer 240 prazas de novo ingreso para o Grao en Dereito, que son, por unha banda, de carácter formal posto que non hai coincidencia entre o número de prazas que dispón a Memoria da titulación, mínimo 240 e máximo 360, e o número de prazas que se están a ofertar: 180. A Comisión encargada de informar sobre a renovación da acreditación do título xa advertiu no ano 2016 da necesidade de facer coincidir ámbolos extremos, modificando a memoria, pero dita reforma non se fixo efectiva. O Sr. Decano entendía que a coincidencia pode darse, ben modificando a Memoria ou ben ofertando o número de prazas que a mesma dispón.

Unha segunda razón, que apunta na dirección de aumentar o número de prazas de novo ingreso é a de que no Grao en Dereito vense notando unha progresiva redución do número de alumnos/as, cunha taxa de abandono que prodúcese en tódolos cursos pero de xeito notable en terceiro e cuarto cursos, o que da como resultado unha taxa de abandono global dun 21%.

A terceira razón que levaba ó equipo decanal a facer esta proposta ten que ver coa implantación no curso 2018-2019 do Grao en Criminoloxía. Tendo en conta que hai un convenio asinado entre a Xunta de Galicia e as tres Universidades do SUG de acordo co cal, se unha Universidade pretende implantar un novo Grao, é necesario que reduza o número de prazas nunha titulación xa existente, e que o Grao en Criminoloxía comenzaba a impartirse ese curso académico, non hai garantías de que se reduza o número de prazas do Grao en Dereito. A intención é pedir máis prazas para que, no peor dos casos, nos permitisen seguir ofertando as prazas actuais.

É preciso ter en conta, que en materia de prazas ofertadas, a Facultade propón, pero a decisión última corresponde ó SXOPRA (Servizo de xestión da oferta e programación académica), da USC, que, finalmente, mantivo para o curso 2018-2019 a oferta de 180 prazas, 170 para o Grao en Dereito e 10 para o Dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e Recursos Humanos.

O Grao en Criminoloxía cubriu sen problemas as prazas ofertadas, existindo unha gran demanda do título, o que demostra o acerto da súa implantación.

Os Másters que se ofertan na Facultade ofertan dende fai varias edicións o mesmo número de alumnos, con algunha variación no caso do Máster en Avogacía.

Esta acción de mellora desdóblase en dúas tarefas: Continuar a estudar as canles para afrontar unha modificación substancial do Plan de estudos (AM-3.1) e Solicitar unha modificación do número de estudantes de ingreso en primeiro curso aos órganos decisorios na USC (AM-3.2), a través da aprobación na Xunta de Facultade do número de ingreso de alumnos para axustarnos á MVT.

A AM-4 centrouse na necesidade de continuar coa difusión da cultura de calidade e participación dos grupos de interés no centro, sendo a Comisión de Docencia e Calidade o órgano responsable do seguimento, con dúas accións de mellora Am-4.1. Aumentar o grao de participación nas enquisas de satisfacción de tódolos grupos de interese, isto é PDI, PAS e Alumnado, centrándonos especialmente neste último, tarefa que ten catro subtarefas: AM-4.1.A, Difundir a importancia das enquisas e dos períodos de realización a través das diferentes canles (taboleiro e redes sociais, xornada de benvinda aos alumnos de primeiro curso); a AM-4.1.B, Continuar analizando as datas máis axeitadas para realizar as enquisas; AM-4.1.C: Facilitar tempo ao alumnado para a realización das enquisas en formato virtual para fomentar a súa participación; e AM-4.1.D. Informar ao alumnado de novo ingreso sobre a importancia das enquisas

para concienciarlos sobre a importancia e a utilidade para o correcto funcionamento do SGIC.

O Grao en Dereito renovou a súa acreditación no ano 2016. De acordo co Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación, de 29 de xuño de 2016, eran preciso unha serie de accións de mellora de obrigado cumprimento no ámbito do Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade (AM-04) que se sumaban a entón AM 4 do Informe de renovación da acreditación e da AM 6 da Memoria de Calidade do Centro. Malia a que o establecemento dun sistema de enquisas presenciais que mellorase o grado de participación dos grupos de interese non foi posible, o certo é que todos os mecanismos arbitrados (análise das datas máis axeitadas para a realización das enquisas no marco dos períodos establecidos pola ACMP, a difusión das datas a través das redes sociais, nas aulas – cedendo tempo para a súa realización- e xornada de presentación aos estudantes de novo ingreso – para sensibilizalos coa cultura de calidade do centro-, na pantalla do centro, etc), están a dar os seus froitos. Neste senso tense producido unha subida histórica na porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, acadándose o 34,92% no curso 2018/19. Este dato ten sido valorado moi positivamente pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro, posto que supón o cumprimento dunha das accións de mellora máis necesarias na titulación. Con todo, é preciso mellorar o Grao de participación do alumnado. Para o presente curso académico temos introducido como acción de mellora a de implicar ós delegados/as de curso no proceso de avaliación do profesorado. Así, os delegados/as contarán cun tempo ó inicio ou ó final de cada clase para conminar ós seus compañeiros/as a que avalien ó profesor/a que lles acaba de impartir clase o vai facelo na seguinte.

Polo que respecta ó Grao en Criminoloxía, o grao de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida (IN48-G), foi dun 59.22%, polo que os resultados da avaliación, poden considerarse significativos.

No MEI a porcentaxe de resposta por parte de alumnado e profesores é cada vez máis elevado, o que indica que a insistencia manifestada dende a coordinación de resposta a estos cuestionarios comeza a dar os seus froitos. Nos últimos tres cursos académicos o índice de resposta ós cuestionarios por parte do alumnado foi dun 44%, 59.52% e 58.82%, respectivamente, superior ás ratios medias dos cursos anteriores. No caso do profesorado, os resultados son mais alentadores e se constata un sensible aumento na resposta dos cuestionarios. Nos tres últimos cursos o índice de participación foi dun 47.06% y 28.57% y 53.85% respectivamente.

No MFIC a porcentaxe de participación nas enquisas do alumnado é, claramente, un aspecto a mellorar, pois sitúase nun 5%.

Polo que respecta ó Máster en Avogacía, destacamos o progresivo incremento no número de alumnos que cubre as enquisas de satisfacción coa docencia recibida en cada materia, situándose no curso 2018-2019 nun 98%, polo que os resultados poden considerarse significativos. Con todo, é necesario continuar coa acción de mellora tendente a incrementar o grao de participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción, en particular do profesorado (que ronda entre o 20% e o 40%) e a dos egresados (que non acada o 30%) para que os datos que resulten poidan considerarse significativos; mentres que o alumnado alcanza porcentaxes cercanos ó 100% e os titores externos se moven entre o 30% e o 50%. É precisa unha inmediatez temporal entre o período de realización da enquisa e a finalización da súa participación no Máster por parte de cada colectivo.

Por outra banda, esta AM-4 conta cunha segunda tarefa: Adaptar o SGC do centro (Manual de Centro e Manuel de procesos do centro) ó novo sistema da USC; ámbolos documentos foron aprobados pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito o 04/07/2019, pola Comisión Permanente (delegada da Xunta) o 23/07/2019 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 19/12/2019 e a súa modificación tivo como obxectivo o de actualizar o Manual do SGC da Facultade de Dereito e simplificación documental, suprimindo procesos e procedementos obsoletos, e particularizando os procesos ás características do Centro.

A AM-5 propón continuar coa axeitada implantación do SGIC, continuando na liña de compromiso coa Calidade do centro. A responsabilidade desta AM recaía, no curso 2018-2019, sobre a Vicedecana de Calidade e Infraestruturas e a Comisión de Docencia e Calidade do Centro, cunha tarefa concreta: a constitución do Grupo de traballo para a adaptación do SGC da Facultade de Dereito, tarefa que foi acadada como xa expusemos *supra*.

A AM-6 persigue como obxectivo manter o contacto cos empregadores e recoller de xeito sistemático opinións e datos de empregabilidade dos egresados, con dúas tarefas: A AM-6.1: manter xuntanzas dos membros do Comité consultivo do Grao en Dereito, para recoller datos e opinións e a AM-6.2: Consulta ao Comité Consultivo sobre as Accións de Mellora a levar a cabo no curso 2018/2019 (relacionadas co seu ámbito de actuacións): remitímonos ó exposto *supra*,

sobre os resultados das xuntanzas. A situación derivada da COVID-19 ten impedido cumprir coa secuencia de xuntanzas. A última xuntanza tivo lugar o día 15/12/2020.

Unha eiva importante sobre os resultados dos títulos é a información sobre a inserción laboral dos egresados en cada unha das titulacións. Ata o momento a USC non proporciona indicadores de resultados de inserción laboral dos egresados. Como resultado dun Convenio entre as tres universidades do SUG e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da USC, os estudos de inserción deberían facerse pola ACSUG, que efectivamente ofrece datos, pero moi desactualizados. De feito, o último informe data de 2015 e fíxose sobre o curso académico 2012-2013. Na Facultade de Dereito, só o Máster en Avogacía supliu esta carencia con medios propios. Así, dende a Dirección da EPX e a coordinación académica do Máster, co apoio dos servizos administrativos e de bolseiros (así como do ICA de Lugo), realízase anualmente un seguimento telefónico ós egresados. Este seguimento interno reflicte que unha importante porcentaxe dos egresados do Máster acceden ó mercado laboral durante o ano seguinte á terminación da súa formación. Ademais, a este razoable grao de inserción laboral contribúe o Servizo de Apoio ó Emprendemento que ten a USC e o Departamento de recepción de ofertas laborais da EPX de Santiago de Compostela.

AM-7 : Realizar un estudo sobre a ordenación temporal de certas materias debido ao número de queixas informais de alumnos e profesores, cunha tarefa: AM-7.1: manter xuntanzas da Comisión constituída nas que se debatan cuestións como a ordenación temporal de certas materias tralos anos transcorridos desde a posta en funcionamento do Grao ou as taxas de éxito e abandono. Tendo en conta que estas últimas melloraron no curso 2018-2019, non se viu a necesidade de reformar o plan de estudos.

AM-8: Actualización da páxina web do Centro e das redes sociais da Facultade, con dúas tarefas: AM-8.1: Actualizar a páxina web do Centro coas informacións máis relevantes para os grupos de interese. Polo que respecta á páx. Web remitímonos ó disposto na páx. 7 *in fine* e páx. 8 desta memoria; e, AM-8.2: Actualizar as redes sociais da Facultade (Facebook e Twiter), como canles áxiles de comunicación cos grupos de interese. A actualización destas canles lévase a cabo, actualmente, pola Vicecedana de Asuntos Económicos e Infraestruturas, Natalia Pérez Rivas; no curso 2018-2019 facíaa a Vicedecana de Calidade, Asuntos Económicos e Infraestruturas, Marta Otero Crespo. Outra canle de comunicación que tense relevado moi efectiva, a partires da situación de pandemia derivada da COVID-19 é o apartado “Coordinación” do campus virtual da USC (plataforma Moodle), que serve de comunicación directa para PDI e Alumnado, posto que de cada anuncio reciben un mail no correo institucional.

Por último, a AM-9: Participar en presentacións dos estudos de Grao en Dereito en institucións alleas á Universidade (no caso de ser invitados a participar en xornadas de orientación en colexios e institutos), así como no programa A Ponte, xestionado pola USC, con dúas tarefas: AM-9.1: Colaborar co Programa A Ponte da USC e Realizar presentacións en centros de educación secundaria no caso de ser invitados a participar en xornadas de orientación aso futuros alumnos.

En Abril de 2019 a Facultade de Dereito participou no programa de coñecemento das distintas profesións xurídicas, destinado ó alumnado de primeiro de bacharelato, no instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. En concreto, asistiu a Secretaria da Facultade, Sonia Esperanza Rodríguez Boente, para dar conta dos Graos en Dereito, Criminoloxía e o Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos e o Coordinador do Máster en Estudos Internacionais, Miguel Arenas Meza.

- **A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.**

O Manual de Procesos da Facultade de Dereito foi aprobado pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito o 04/07/2019; pola Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito o 23/07/2019 e, finalmente, foi aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 19/12/2019.

Pola súa banda, o Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito, que vai xa pola súa 5ª edición, foi aprobado pola Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito o 04/07/2019, pola Comisión Permanente

da Xunta da Facultade de Dereito o 23/07/2019 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 19/12/2019.

A Facultade de Dereito non require de cambios relevantes na súa xestión: os procedementos establecidos na actualidade permiten recoller a información de xeito continuado, a análise dos seus resultados e a súa utilización para a mellora da calidade dos títulos impartidos no centro.

- **A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.**

Outro proceso fonte de preocupacións para o Centro é o de Medición, Análise e Mellora. No PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades, do Manual de Procesos do Centro, dispónse que a medición da satisfacción dos principais grupos de interese artículase, a nivel institucional, a través da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) que é a encargada de elaborar, realizar e procesar os instrumentos de medición da satisfacción considerados obrigatorios no marco dos sistemas de garantía de calidade (SGC). Ven sendo unha constante, reflectida documentalmente tanto nas Memorias de Calidade anteriores, como nos informes de seguimento e renovación da acreditación, a histórica baixa participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción. Por este motivo, téñense adoptado de xeito reiterado distintas accións de mellora encamiñadas a vencer a escasa implicación dos estudantes, profesores, egresados e titores de prácticas externas e que xa empezan a amosar resultados positivos que se agarda consolidar.

Entendemos que os instrumentos establecidos a nivel global da Universidade son suficientes pero que é preciso mellorar a taxa de participación nos mesmos. Polo que respecta á baixa participación do alumnado, ademais das campañas de información e sensibilización sobre a importancia de cubrir as enquisas, no presente curso académico implicaremos, como xa dixemos *supra*, ós Delegados/as de curso no apoio a este proceso; eles/as serán os encargados de animar os seus compañeiros/as a cubrir as enquisas de valoración da docencia durante un tempo prudencial. Sobre o grao de participación de alumnado, vid. o exposto *supra*.

Por outra banda, a partires do presente curso académico, o equipo directivo celebrará xuntanzas periódicas cos Delegados/as para recabar queixas, suxestións e reclamacións. Asemade, como AM do curso 2020-2021, prevese a de incluír un apartado específico na web da Facultade que recolla precisamente as queixas, suxestións e reclamacións, con certos requisitos como a necesidade de que a persoa que a presente se identifique.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

- Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos programas formativos da Facultade de Dereito realízanse consonte o explicitado no proceso PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas, do Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC. Até o momento, os títulos activos deste Centro que foron obxecto de renovación da súa acreditación (reverificación) superárona con éxito (dous deles, MUEI e MUFIC, no curso 2018-2019), o cal se pode considerar indicativo do adecuado desenvolvemento do proceso.

Anualmente, de acordo co proceso PE-02, Revisión e Mellora, do Manual de Procesos da Facultade, as Comisións dos Títulos e a Comisión de Docencia e Calidade analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos, conforme queda recollido nas actas das súas reunións. Nesta análise faise seguimento do cumprimento da correspondente memoria verificada do título (MVT) e, no seu caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, os perfís de ingreso/egreso, o axuste dos programas docentes, procedementos de coordinación e resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos tránsídanse á Comisión de Docencia e Calidade, que os revisa e analiza e aproba as accións de mellora derivadas.

Neste epígrafe preséntase unha síntese da análise do desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Dereito durante o curso 2018-19.

Grao en Dereito

O grao de cumprimento das guías docentes ou programas das materiasponse de manifesto na valoración dada polo estudiantado nas enquisas de avaliación da docencia recibida, onde os estudantes referiron que os/as profesores/as cumpriron co programa e o plan de traballo previsto (4,19 sobre unha puntuación máxima de 5).

Como acción de mellora (AM-1), tamén do curso 2018-2019, está a de a revisión polo profesorado das informacións recollidas nas guías docentes para garantir o cumprimento do disposto na Memoria verificada. AM de obrigado cumprimento na que se contemplan dúas tarefas, dacordo co disposto no informe final de renovación da acreditación. A Comisión de Docencia e Calidade do Centro será o responsable de realizar o seguimento desta AM, aprobada pola propia Comisión na súa xuntanza de 23 de xuño de 2016. As tarefas son dúas, como dicimos: primeira (AM1.1) a revisión das guías docentes para especificar, en liña coa memoria verificada, os sistemas de avaliación e distribución horaria nas guías docentes de cara ao curso 2019/2020 e AM1.2. Comprobación e análise da información contida nas guías docentes e o seu axuste á Memoria verificada, que lle correspondeu á entóns Vicedecana de Organización Académica, Ana Gude Fernández.

Por outra banda, como acción de Mellora deste curso académico 2020-2021, temos definida a de convocar ós delegados/as de curso ás xuntanzas. iniciais e finais de coordinación, co fin de que informen sobre o grao de cumprimento dos programas das materias, polo que nos interesa sobre todo a súa participación nas xuntanzas finais. O cumprimento dos programas formativos está directamente relacionado co cumprimento das obrigas docentes, en xeral, do persoal docente. No curso 2018-2019 comenzo a funcionar en toda a USC o chamado rexistro horario que, con respecto ás obrigas docentes do PDI supón a necesidade de marcar o comezo e final de cada clase na plataforma Évalos, nos ordenadores que se atopan nas aulas. Ata ese momento o control do cumprimento das obrigas docentes levábase a cabo a través do sistema de sinatura en papel situado tamén nas aulas. O control do cumprimento da obriga de asinar en papel, correspondíalle á Vicedecana de Organización Académica (no curso académico 2018-2019, a profa. Ana Gude Fernández), por delegación do Sr. Decano, Gumersindo Guinarte Cabada, quen daba logo conta na Comisión de Docencia e Calidade do centro.

No curso académico 2018-2019 mantivéronse ámbolos dous sistemas de control, tendo en conta que, primeiro, o sistema de sinatura dixital a través da plataforma Évalos comenzo a funcionar a partires do mes de xaneiro de 2019 e, segundo, que a información proporcionada pola sinatura en papel é de mais fácil acceso para os órganos de dirección e permite, polo tanto, que as intervencións no caso de absentismo sexan máis rápidas. É preciso aclarar tamén que por acordo da Comisión de Docencia e calidade adoptado na xuntanza de 21 de decembro de 2017, cando un/a profesor/a

acumule ausencia de sinaturas por 2 ou máis días sen xustificar, o Decano dará conta ó Director/a de Departamento solicitando información ó respecto. No debate que deu lugar ó devandito acordo algún membro da Comisión de Docencia e Calidade manifestou que a medida máis eficaz para garantir o cumprimento das obrigas docentes era que o incumprimento se vira reflectido na denegación do complemento por méritos docentes (quinquenios), no informe que teñen que emitir os Departamentos e a Xunta de Facultade. Esta última posibilidade non foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade.

Froito deste sistema de control, o grao de incumprimentos das súas obrigas docentes por parte do profesorado, descendeu de xeito importante, sendo contadas as incidencias que tiveron que ser abordadas no seo da Comisión de Docencia e Calidade.

Actualmente, e por mor da situación derivada da COVID-19, que aconsella que a utilización de papel compartido sexa a menor posible, o control faise exclusivamente a través da Plataforma Évalos, co cual a información dos posibles incumprimentos é competencia dos servizos centrais da Universidade e non dos órganos de dirección da Facultade. A consecuencia disto, o fluxo desta información non pasa por quenes redactan esta Memoria.

A coordinación no desenvolvemento do programa formativo

Durante o curso 2018-2019 seguiuuse a dinámica de nomeamento de coordinadores/as por curso e semestre (Xuntanza da Comisión de Docencia e Calidade de 24 de setembro de 2018), pero tamén é un curso que pode considerarse paradigmático polo que se refire ás actividades de coordinación. Na xuntanza da Comisión de Docencia e Calidade de 28 de marzo de 2019 aprobouse o calendario de celebración de xuntanzas e entrega de informes de coordinación: nos 10 primeiros días dende o comezo do cuadrimestre os coordinadores/as deben celebrar as xuntanzas de coordinación e entregar as actas. Asemade, nos 10 días seguintes ó peche de actas deberán celebrarse as xuntanzas de coordinación finais así como a entrega das actas das xuntanzas. Ademais, ó principio de cada semestre a (nese momento) Vicedecana de Organización Académica mantivo unha xuntanza cos Coordinadores/as para darlles conta do que lles debían trasladar ós docentes nas respectivas xuntanzas de coordinación. Como acción de mellora do curso 2018-2019, a AM-2, a designación e nomeamento de coordinadores de curso pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro, órgano encargado do seguimento desta AM aprobada en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación na súa xuntanza de 23 de xuño de 2016, que ten, á súa vez, tres tarefas: a AM-2.1 reunión inicial cos coordinadores de curso para establecer os criterios de coordinación; AM-2.2 reunión final cos coordinadores de curso para a posta en común das experiencias do curso; e AM2.3 Programación dun mínimo de dúas reunións de coordinación por curso, das cales se deriven informes a debatir e analizar na Comisión de Docencia e Calidade do Centro.

Resultados de materias e do título

Polo que respecta á TAXA DE ÉXITO (relación créditos superados de los presentados), en comparación co informe anterior, mantense as porcentaxes en case todas as materias, suben sensiblemente en outras (G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, que pasa do 46,32%, no curso 2017/2018 ó 51,94, no curso 2018/2019; G3161105 - Teoría do Dereito, que pasa do 75,15, no curso 2018/2018 ó 86,32 no 2018/2019; G3161108 - Economía Política II - Facenda Pública, que pasa do 84,44%, no curso 2017/2018 ó 91,76%, no curso 2018/2019; G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 67,19%, no curso 2017/2018, a un 77,87%, no 2018/2019; G3161202 - Institucións e Dereito da Unión Europea, caso especialmente rechamante, posto que pasa dun 77,71%, no curso 2017/2018 a un 93,91%, no 2018/2019; G3161222 - Dereito Constitucional II - Os Dereitos e as Liberdades e a súa Protección, pasa dun 80,19% , no 2017/2018 a un 92,18%, no 2018/2019; G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, pasa dun 78,31%, a un 90,40%;

E baixan as porcentaxes noutras (G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa do 57,98%, no curso 2017/2018 ó 49,80%, no curso 2018/2019; G3161121 - Introducción ao Dereito Civil e Dereito da Persoa, que pasa do 83,70%, no curso 2017/2018, ó 72,49%, no 2018/2019; G3161227 - Dereitos de Contratos, pasa dun 87,63%, no curso 2017/2018 a un 77,27%, no 2018/2019).

En resumo, polo que respecta á taxa de éxito, mantendo as porcentaxes a maior parte de materias do Grao en Dereito, temos que son moitas máis as que suben a porcentaxe que as que o baixan, o que demostra a mellora global.

Con todo, cumpre valorar as causas que provocan a diminución da porcentaxe, entres as que se atopan os distintos graos de exixencia en función do profesorado responsable da materia.

Na TAXA DE RENDEMENTO (relación entre créditos superados e os créditos matriculados), a porcentaxe sube notablemente nas seguintes materias: G3161105 - Teoría do Dereito, que pasa dun 66,84%, no curso 2017/2018 a un 80,39%, no 2018/2019; G3161108 - Economía Política II - Facenda Pública, pasa dun 76,77%, no 2017/2018 a un 83,08%, no 2018/2019; G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 57,24% a un 68,54%; G3161202 - Institucións e Dereito da Unión Europea, pasa dun 63,55% a un 80,43%; G3161222 - Dereito Constitucional II - Os Dereitos e as Liberdades e a súa Protección, pasa dun 71,55% a un 82,50%; G3161424 - Dereito Administrativo III - Garantías do Administrado, pasa dun 79,55% a un 89,08%; G3161445 - Historia do Pensamentos Xurídico, que pasa dun 75,00% a un 95,00%;

Baixa noutras: G3161121 - Introducción ao Dereito Civil e Dereito da Persoa (dun 76,61%, no curso 2017/2018a un 68,16%, no curso 2018/2019; G3161329 - Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Orde Socioeconómica e contra a Comunidade, que pasa dun 81,25% a un 66,48%; G3161450 - Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Inglesa) , pasa dun 100,00% a un 86,67%; G3161454 - Medicina Legal, pasa dun 82,93% a un 93,33%; G3161PRT01 - Prácticas extracurriculares, pasa dun 84,92% a un 59,86%; OPTGINT006 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio, pasan dun 100,00% a un 76,92%.

A lectura global é positiva, aínda que hai que valorar as causas que provocan a diminución da porcentaxe, entres as que se atopan os distintos graos de exixencia en función do profesorado responsable da materia.

Na TAXA DE AVALIACIÓN, as porcentaxes do curso 2018/2019 son moi parecidas ás do curso anterior. Cumpre salientar casos nos que sube notablemente (G3161445 - Historia do Pensamentos Xurídico, pasa dun 75,00% no curso 2017/2018 a un 100,00%, no 2018/2019; G3161454 - Medicina Legal, pasa dun 85,37% a un 95,00%.

E baixa ostensiblemente nas materias: G3161329 - Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Orde Socioeconómica e contra a Comunidade, que pasa dun 95,14% a un 75,98%; G3161423 - Dereito Procesual Civil I, que pasa dun 91,78% a un 81,48%; G3161450 - Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Inglesa), que pasa dun 100,00% a un 86,67%; OPTGINT006 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio, pasa dun 100,00% a un 76,92%.

TAXA DE GRADUACIÓN. No curso 2018/2019 produciuse unha baixada, certo que escasa, con respecto ó curso 2017/2018: pasamos dun 62,86% a un 58,62%. Con todo, continua a ser unha taxa baixa cuxos motivos é preciso analizar e que ten relación directa coas taxas de éxito, rendemento e avaliación de tres materias que teñen porcentaxes máis baixas con moita diferenza con respecto ó resto das materias do Grao en dereito. En concreto, trátase das materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas e G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito. No seguinte recadro se reflicten as taxas das tres materias.

	Taxa de éxito	Taxa de rendemento	Taxa e avaliación
G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais	51,94%	30,04%	57,85%
G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas	49,80%	27,99%	56,21%
G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito	67,16%	52,09%	77,57%

Trátase de porcentaxes obxectivamente baixos e tamén relativamente, isto é, en comparación cos do resto das materias do Grao en Dereito. Cumpre unha reflexión sobre a situación das devanditas materias.

Dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos

É salientable que no curso 2018-2019 tiverase que abordar unha modificación da Memoria para a implantación do programa integrado de Grao en Dereito e Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, para rebaixar a exixencia de optatividade (de 12 a 6 créditos) e establecer a obriga de realizar dous TFGs, un por cada titulación (de 6 créditos cada un), o cal se fixo por acordo da Xunta de Facultade de 26 de xuño de 2019 (<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gi/centros/dereito/descargas/Actas-xuntanzas-Xunta-e-Facultade->

[2018-2019.pdf](#) . A necesidade desta modificación xorde do feito de que cando se aprobou orixinalmente a Memoria do Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos estableceuse a exigencia dun só TFG, pero recentemente a ANECA resolvendo o mesmo caso en relación con outros dobres itinerarios, e en cumprimento do disposto no apartado 2º do artigo 6 do RD 1393/2007: “En todo caso no podrán ser objeto de reconocimiento los créditos correspondientes a los trabajos de fin de grado y máster”, establece a necesidade de que se curso u TFG por cada titulación. Isto foi comunicado a tódalas Universidades e a Vicerreitoría de Titulacións instou á necesidade de modificar as Memorias dos Dobres Títulos. Asemade, para compensar este perxuízo para o alumnado, dispónse a rebaixa da exigencia de optatividade (de 12 a 6 créditos ECTS).

Resultados de materias e do título

Polo que respecta á TAXA DE RENDEMENTO é preciso salientar, por unha banda, e produce satisfacción dar conta da subida da mesma en dúas materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual -Dereitos Reais, que pasa dun 55.56% no curso 2017/2018 a un 80% no 2018/2019 e G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 12.50% no curso 2017/2018 a un 37.50% no 2018/2019.

Pero é preciso dar conta, e a nosa reflexión debe deterse neste aspecto, a notable baixada desta taxa en outras materias: en concreto:

- G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa dun 93.33% no curso 2017/2018 a un 33.33% no curso 2018/2019.
- G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 100% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, que pasa dun 87.50% no curso 2017/2018 a un 50% no 2018/2019.
- G3161227 - Dereitos de Contratos, que pasa dun 88.89% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161228 - Dereito Administrativo I - Instrumentos da Actividade Administrativa, que pasa dun 96.55% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019

Respecto á TAXA DE ÉXITO emos que dar conta tamén da elevación da súa elevación éxito nas materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual -Dereitos Reais, que pasa dun 83.33% no curso 2017/2018 a un 100% no 2018/2019 e G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 33.33% no curso 2017/2018 a un 50% no 2018/2019. Pero, ó igual que pasaba coa taxa de rendemento, temos que dar conta da baixada da taxa en dúas materias: G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa dun 93.33% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019 e G3161228 - Dereito Administrativo I - Instrumentos da Actividade Administrativa, que pasa dun 96.55% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019. Na TAXA DE AVALIACIÓN hai que felicitarse pola súa subida nas materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual -Dereitos Reais, que pasa dun 66.67% no curso 2017/2018 a un 80% no 2018/2019 e G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 37.50% no curso 2017/2018 a un 75% no 2018/2019. Pero tamén é preciso dar conta, e de novo merece una reflexión, a acusada baixada desta taxa nas seguintes materias:

- G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa dun 100% no curso 2017/2018 a un 66.67% no curso 2018/2019.
- G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 100% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161202 - Institucións e Dereito da Unión Europea, que pasa dun 93.33%, no curso 2017/2018 a un 63.67% no curso 2018/2019.
- G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, que pasa dun 87.50% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161227 - Dereitos de Contratos, que pasa dun 88.89% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.

Grao en Criminoloxía

En canto ós axustes no programa formativo é salientable a reforma do Regulamento de TFG do Grao en Criminoloxía, aprobada pola Xunta de Facultade reunida o 30 de abril de 2019, que se xustifica pola necesidade de atender ás necesidades específicas do Grao. É preciso ter en conta que o devandito Regulamento, que aínda non fora aplicado no momento en que se leva a cabo esta reforma (como xa se expuso, o Grao comeza a súa andadura precisamente no curso académico 2018-2019, polo que aínda non dera tempo a chegar á fase de defensas de TFG), aprobouse tomando como modelo ó do Grao en Dereito e, xa que logo, sen ter en conta o tipo de investigación que se leva a cabo nalgúnhas das Áreas que imparten docencia no mesmo e se van a ocupar da dirección de TFGs. As modificacións propostas atinxen a esa necesidade de adaptación; en concreto, á regulación dos traballos en grupo e as obrigas de cada alumno/a no seo do grupo, as competencias do Coordinador do Grao e o número de Tribunais.

Asemade, a Xunta de Facultade, reunida o 26 de xuño de 2019, aprobou a modificación da Memoria do Grao en Criminoloxía para suprimir o requisito da acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de graduado/a na USC. A modificación derívase de que o Consello de Goberno da USC, en sesión de 28 de maio de 2019, acordou que a acreditación de coñecemento dunha lingua estranxeira non sexa obrigatoria para a obtención do título de grao. Ademais, trátase dunha modificación directamente aplicable de tal xeito que o alumnado se que se gradúe ese mesmo curso académico xa non terán que acreditalo. Polo demais, a disposición adicional primeira do acordo do Consello de Goberno de 28 de maio de 2019, dispón: “Os plans de estudo de grao que recollen expresamente como requisito a acreditación do nivel B1 de coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de grao deberán ser modificados no prazo máximo de dous meses desde a aprobación deste acordo, sen prexuízo de que a Universidade poda expedir os títulos a partir da data de entrada en vigor do mesmo”.

- A oferta de materias e asignaturas axústase con carácter xeral ao establecido na memoria verificada.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, e sistemas de avaliación correspondeuse co establecido na memoria, permitindo a consecución das competencias. Polo que se refire aos tamaños dos grupos, o número de alumnos por grupo de teoría mantense dentro das previsións da Memoria. No caso da docencia práctica nalgúnhas materias presenta unha desviación mínima (de 1 alumno) con respecto ás previsións iniciais (máximo de 25).
- O aseguramento de adquisición de competencias polo alumnado do curso de adaptación realizase a través da utilización dos criterios de avaliación que veñen fixados na Memoria verificada do Grao e que cada profesor adoptou na súa guía docente. Para a avaliación da aprendizaxe pódense empregar os indicadores relativos ás taxas de éxito (97.5%), de rendemento (81,29%) e de avaliación (84,29%), que poden considerarse moi satisfactorios. Tamén podemos usar como dato a ausencia de recursos e a existencia dunha única reclamación presentada polos alumnos e rexistrada na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) da Universidade de Santiago de Compostela.

Máster en Avogacía

Grao de cumprimento das guías docentes ou programas das materias

Debido a certas deficiencias neste sentido polo que respecta á impartición do Máster na sede de Lugo, tíñase xa incorporada como acción de mellora a de elaborar para cada unha das materias do Máster que se imparte nesa sede unha guía docente única, na que figure tanto o profesorado universitario como o externo, que abrangue contidos, profesorado e calendario concreto, superándose a situación consistente en divulgar para cada materia dúas guías, unha cos contidos e datas do profesorado universitario e outra co profesorado externo. Esta acción de mellora acordouse (pola coordinación e pola comisión académica), poñela en marcha no curso 2019-2020, se ben ata o momento non se poido materializar, aínda que se sigue insistindo nela, tal como recomendou a ACSUG no informe final de seguimento 2017-2018.

Por outra banda, a reforma do Plan de estudos é tamén unha iniciativa á que se aludiu en anteriores informes, particularmente coa conveniencia de incluír materias optativas que permitan unha certa especialización tanto dende a perspectiva do futuro exercicio profesional e de realizar a proba de avaliación da aptitude profesional, como de adaptarse á futura reforma anunciada polo Ministerio de Xusticia, o CGAE e CGPE da normativa reguladora desta

titulación, que ó parecer vai na liña de unificar os actuais Másters de Abogacía e Procuraduría, así como a proba de avaliación estatal. Trátase de cuestións que son abordadas con certa periodicidade pola Comisión Académica do Máster, considerándose que a súa trascendencia obriga a adoptar unha actitude prudente, sen adiantarse ós acontecementos.

A coordinación no desenvolvemento do programa formativo

A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias-materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.

As características singulares que presenta esta titulación, impartida de forma presencial e conxuntamente (segundo obriga a normativa reguladora) por unha universidade e, en estecaso, dous colexios profesionais (Universidade de Santiago, Colexios de Avogados de Santiago e de Lugo, e as súas respectivas Escolas de Práctica Xurídica), en dúas cidades/sedes (campus de Santiago e campus de Lugo), con maior porcentaxe de profesorado externo que universitario (60%-40%) e cun elevado número de créditos de prácticas externas (30 ects, 4 materias), obriga a dispoñer de suficientes e adecuados mecanismos de coordinación que permitan asegurar a necesaria colaboración institucional e a unidade de actuación entre o profesorado, titores, órganos de xestión, etc.

Desta maneira, na primeira liña dos mecanismos de coordinación atópanse as Comisións de Seguimento, de Dirección e Académica, que son específicas para cada campus e que teñen unha composición equilibrada entre membros de procedencia universitaria e membros do respectivo colexio profesional. A coordinación na actuación de cada unha destas comisións garántese a través dos membros universitarios (que son os mesmos para os dous campus), o que permite asegurar a unidade de actuación institucional, coordinar as achegas que corresponde realizar a cada institución, supervisar a execución da Memoria verificada e dos convenios de colaboración, consolidar o funcionamento equilibrado dos órganos de xestión do Máster en ambas as sedes, reforzar o desenvolvemento diario do Máster en cada sede, resolver as posibles incidencias e controversias que poidan xurdir en cada un dos campus en relación coa impartición do Máster.

Unha segunda liña de coordinación vén establecida polos coordinadores académico e profesional, propios tamén para cada campus, aínda que o coordinador académico é o mesmo en ambos os campus, co mesmo obxectivo exposto no parágrafo anterior.

Desde o curso 2017/2018, unha acción de mellora emprendida, que se atopa en constante actualización, consistiu en prestar especial atención a minimizar as diferenzas entre a docencia impartida en ambos os campus, mediante a instauración de reunións periódicas (practicamente mensuais) entre o coordinador académico (dos dous campus) e o coordinador profesional do campus lucense, para tratar de corrixir aqueles aspectos nos que se evidenciaban diferenzas máis notables, como o sistema de avaliación, a realización de xuízos simulados, a entrega de cualificacións ao alumnado, etc.

Para a impartición das diferentes materias do plan de estudos asígnase unha repartición da carga docente entre profesorado universitario, avogados/as e outros profesionais, de acordo co establecido na normativa aplicable e nos respectivos convenios de colaboración. Co obxectivo de incrementar a unificación de criterios, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, etc., a coordinación académica e profesional realiza un constante labor de coordinación entre o profesorado universitario e o profesional de cada materia. Así, antes do inicio de cada curso académico son convocadas reunións para cada materia, nas que todo o seu profesorado (universitario e externo) planifica e debate os contidos, metodoloxías, avaliación, etc., que logo deberán aplicarse durante o período da súa impartición. O anterior é completado coas figuras dos coordinadores por materia. Así, dado que case todas as materias teñen máis dun profesor de diversa procedencia (universitaria, avogacía, outras profesións), existen dous coordinadores (un/a profesor/a universitario/a e un/a avogade/a) por cada materia, que son, ao mesmo tempo, docentes da mesma.

Tamén, co fin de asegurar a coherencia interna de cada módulo, existen os coordinadores por módulo (normalmente, un/a profesor/a universitario/a e un/a avogade/a). A dirección do Máster e, en particular, a coordinación, é a encargada de asegurar a congruencia dos criterios dos responsables de cada módulo, ofrecendo, por medio da Comisión Académica, directrices comúns aos profesores en aspectos que afectan o desenvolvemento da actividade docente, como ocorre, por exemplo, no relativo aos contidos das prácticas externas, sistemas de avaliación, elaboración das guías docentes, organización dos TFM, etc. Pola súa banda, a coordinación concreta dos contidos, metodoloxías e sistemas de avaliación conséguese a través de reunións dos coordinadores académico e profesional cos coordinadores de cada materia e, á súa vez, destes últimos co profesorado respectivo.

Todo este labor de coordinación intensificouse moi especialmente a partir do curso 2016-2017 no campus de Santiago, conseguíndose que, en cada curso académico, todos os docentes de cada materia reúnanse, polo menos dúas veces, entre eles, e coa coordinación: unha, para revisar as guías docentes, procurando que se axusten á Memoria verificada, recollan as correspondentes actualizacións normativas e de contidos, e realícense as adaptacións necesarias para a mellora do docencia e da aprendizaxe; outra, para efectuar a correspondente programación (contidos a impartir por cada docente, distribución das tarefas para realizar polos alumnos, aspectos a valorar por cada docente ao emitir a súa cualificación, etc.) e analizar e solucionar os problemas que se van evidenciando. É unha acción de mellora establecida no seu día (proposta tamén pola ACSUG no seu Informe para a renovación da Acreditación, 2016) que segue en constante execución; en particular, estendéndoa tamén ao campus de Lugo para conseguir que estas reunións entre o diferente profesorado de cada materia sexan tamén unha práctica consolidada e xeneralizada en #o devandito campus, tarefa na que se está inmerso no presente curso académico. Así, o grao de satisfacción dos docentes coa coordinación e organización do título supera os 4 puntos nos últimos cursos académicos no campus de Santiago e sitúase preto de devanditos valores no campus de Lugo, sendo a media da USC inferior a 4. Tamén a satisfacción do alumnado coa coordinación entre as materias do plan de estudos está próxima ao 4 en Santiago (3.91), subindo ata o 3 no campus de Lugo (cando en anos anteriores situouse no 2 e no 2.67), mentres que a media da USC está por baixo do 3. A materia de “Traballo Fin de Máster”, encadrada no segundo ano do Máster, é tutorizada por diferentes equipos (como mínimo, tantos como ordes xurisdicionais nos que se elaboren traballos), procurando sempre que o peso da titoría recaia conxuntamente, para cada traballo, nun/a profesor/a universitario/a e nun/a avogado/a. Para facilitar as tarefas do profesorado universitario e profesional encargado de tutorizar o TFM, a Comisión Académica e a coordinación estableceron normas orientativas sobre os contidos e obxectivos básicos da materia, entrega de traballos e defensa pública, calendario de titorías, etc. Tamén se elaboraron instrucións dirixidas fundamentalmente ao alumnado sobre a maneira de elaborar o traballo e acerca das características propias do acto de defensa do mesmo; formularios de solicitude de defensa do TFM, etc.. Todas estas normativas, instrucións e orientacións permiten. Á súa vez, aos diferentes tribunais de avaliación coñecer os contidos das orientacións emanadas dos titores sobre temas, enfoques, contidos, metodoloxías e bibliografía a empregar polos estudantes. Cada curso académico, os integrantes de cada equipo de titoría reúnanse coa coordinación para analizar o calendario académico da materia, o rol para desempeñar polos equipos de titoría, as características da parte académica e profesional do TFM, etc. Tamén, cada curso académico, a coordinación reúnese cos Presidentes de cada Tribunal de TFM para analizar o papel para desempeñar polos diferentes membros de cada Tribunal no acto de defensa e avaliación do TFM. Todo este labor de coordinación derivou nunha actuación máis homoxénea dos diferentes equipos de titoría e dos tribunais do TFM.

Como xa se expuxo no punto anterior, a primeira liña destes mecanismos de coordinación sitúase nas Comisións de Seguimento, de Dirección e Académica, que se conteñen nos convenios de colaboración (convenio USC – ICA Santiago, convenio USC – ICA Lugo), que son específicas para cada campus e que teñen unha composición equilibrada entre membros de procedencia universitaria e membros do respectivo colexio profesional. A coordinación na actuación de cada unha destas comisións asegúrase a través dos membros universitarios (Decano, coordinador académico e dous profesores universitarios do Máster), que son os mesmos para os dous campus (non así os profesionais).

Unha segunda liña de coordinación vén establecida polos coordinadores académico e profesional, propios tamén para cada campus, aínda que o coordinador académico é o mesmo en ambos os campus, coa mesma finalidade exposta no parágrafo anterior.

Desde o curso 2017/2018, unha acción de mellora emprendida, que se atopa en constante actualización, consistiu en prestar especial atención a minimizar as diferenzas na docencia impartida en ambos os campus, mediante a instauración de reunións periódicas (practicamente mensuais) entre o coordinador académico (dos dous campus) e o coordinador profesional do campus lucense, para tratar de corrixir aqueles aspectos nos que se evidenciaban diferenzas máis notables, como o sistema de avaliación, a realización de xuízos simulados, a entrega de cualificacións ao alumnado, etc. Este esforzo de incrementar a coordinación, xunto coa contratación polo ICA de Lugo dunha persoa a tempo parcial para servir de apoio á coordinación profesional e o maior involucramento do PAS da USC con destino na EPJ de Santiago no apoio ás tarefas da coordinación académica referidas ao campus de Lugo, contribuíu a unha notable mellora da coordinación entre ambos os campus. A propia ACSUG, no Informe final de Seguimento 2017/2018, destacou a importancia dos mecanismos de coordinación existentes e o emprendemento de accións de mellora neste

contexto, apreciando melloras significativas respecto a o detectados en anteriores procesos de seguimento/acreditación. Así, p.e., as cualificacións que recibe o alumnado en ambos os campus fóronse aproximando nos últimos anos, tanto nas materias de “prácticas externas” como nas do “curso de formación” Nas primeiras, a cualificación máis frecuente é a de sobresaliente; e nas segundas a de notable, seguida da de aprobado en Santiago e da de sobresaliente en Lugo. Tamén nos índices de satisfacción do alumnado, egresados, profesorado e titores fóronse reducindo progresivamente as diferenzas entre os campus de Santiago e de Lugo.

- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a dichas prácticas. As materias que integran o módulo de “Prácticas Externas” son tutorizadas *in situ* por profesionais pertencentes a administracións públicas (fundamentalmente letrados da Xunta de Galicia, dos Concellos de Santiago e de Lugo, das Deputacións provinciais, da Seguridade Social, da USC, etc.), órganos xurisdicionais (maxistrados) e avogados dos colexios de Santiago e de Lugo. Ditas materias teñen asignadas un cadro de titores específicos, pertencentes á entidade ou institución colaboradora, que se encarga da formación do alumnado, conforme aos contidos e competencias establecidas no art. 14 do RD775/2011 e nas guías docentes de cada materia aprobadas pola Comisión Académica do Máster. En cumprimento da normativa de aplicación, estas materias dispoñen da figura de “coordinador/a de prácticas externas” e dun “equipo de coordinación”, que se encargan máis directamente de establecer o contacto persoal con cada titor/a, do seguimento das prácticas, das reunións periódicas co alumnado para analizar o seu grao de aprendizaxe e de satisfacción, da avaliación da memoria de prácticas que debe elaborar cada alumno/a como un dos elementos que forman parte da cualificación final da materia, etc. Normalmente, a asignación de despachos, órganos xurisdicionais e gabinetes de administracións públicas prodúcese nunha relación dun titor/a - un/a alumno/a. A coordinación académica e profesional xunto co/a avogado/a coordinador/a de as prácticas externas, conforman o equipo de tutoría encargado de supervisar a realización das prácticas externas. Especial atención vén prestando cada curso académico ás tarefas de coordinación das catro materias de prácticas externas, convocándose ao alumnado, en grupos reducidos, a reunións coa coordinación para transmitir-lles os obxectivos destas prácticas e avaliar o grao de aprendizaxe, rendemento e satisfacción. Tamén se efectúan reunións cos/ as titores/ as para coordinar os contidos, metodoloxía, avaliación, etc., tratando de reducir ao mínimo as diferenzas na impartición destas materias, sen prexuízo das singularidades propias de cada órgano ou institución e de cada titor/a. Este esforzo por potenciar a coordinación nas materias de prácticas externas, ten o seu reflexo no Informe da enquisa de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas correspondente ao curso 2018/2019, no que se evidencia un “grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos responsables académicos do título” dun 4.4 en Santiago e dun 4.2 en Lugo, e evidencia unha clara tendencia achega do elevado grao de satisfacción nos últimos cursos, sempre superior a 4. Tamén, como xa se puxo de manifesto noutro apartado deste Informe, o grao de satisfacción do alumnado e dos egresados coas prácticas externas é moi elevado, do mesmo xeito que o dos titores. Estes datos poñen de manifesto o esforzo dos órganos de xestión do Máster por reforzar a coordinación e a unidade de actuación entre todos os titores e responsables das diferentes materias de prácticas externas, o que constitúe unha tarefa ardua debido ao elevado número de profesionais que colaboran nestas materias. A propia ACSUG, no Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación (2016), destacou a ampla variedade de convenios de colaboración para prácticas, as boas relacións coas institucións e despachos locais, e que as prácticas cobren tanto a perspectiva profesional do avogado/a como a da administración de forma que o estudante experimenta ambos os puntos de vista. A mesma ACSUG, no Informe final de Seguimento 2017/2018, destacou o elevado grao de satisfacción dos estudantes, titores externos e titores académicos coas prácticas externas.
- En conclusión, a pluralidade de mecanismos de coordinación existentes garante tanto o equilibrio na colaboración institucional e que os ensinamentos que se imparten nas cidades de Santiago e de Lugo respondan,

en termos xerais, a unha mesma planificación, obxectivos, metodoloxía e resultados; como a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do curso de formación do plan de estudos (evitando baleiros e duplicidades), e entre as que integran as denominadas prácticas externas, posibilitando a planificación e desenvolvemento do plan de estudos con normalidade, seguindo a programación aprobada polos órganos competentes e nos períodos establecidos. Á súa vez, a planificación realízase conforme ao calendario académico e as directrices aprobadas pola USC para cada curso. Os procedementos a través dos cales leva a cabo a planificación académica anual figuran no SGIC da Facultade de Dereito e nas webs da USC, Escola de Práctica Xurídica de Santiago e os respectivos colexios de avogados. A propia ACSUG, no Informe final de Seguimento 2017/2018, destacou a importancia dos mecanismos de coordinación existentes e o emprendemento de accións de mellora neste contexto, apreciando melloras significativas respecto a o detectados en anteriores procesos de seguimento/acreditación.

Resultado de materias e do título

As taxas de rendemento e de éxito son especialmente elevadas, sendo a de rendemento un 98.49% no curso 2018/2019 (98.27%, 99.34% e 98.54% nos tres cursos anteriores), superior á media da USC (89.83%); e a de éxito dun 99.90% (99.95%, 99.95% e 99.69% en cursos anteriores), tamén por encima da media da USC (98.80%). Iso permite colexir unha valoración positiva dos resultados de aprendizaxe. Na mesma liña de resultados moi elevados sitúase a taxa de avaliación, que é un 98.59% no curso 2018/2019 (98.32%, 43 de 67 99.38%, 99.86% nos tres cursos anteriores), novamente por aciñeira da media da USC (90.93%). Finalmente, o Informe sobre a taxa de éxito nas materias do plan de estudos reflicte que dita taxa é tamén moi elevada, practicamente dun 100% en todas as materias. Pola súa banda, a taxa de abandono é case inexistente, situándose nos últimos anos entre o 0% e o 2%, cando a media da USC é do 6-7%.

A taxa de gradación atópase no curso 2018/2019 no 97.10%, revelando unha tendencia consolidada entre unha pinza de máis do 97% e case o 99% nos últimos anos. Pola súa banda, a taxa de éxito das materias do plan de estudos mantense constante nos últimos anos nunha pinza que vai do 99.90% ao 99.95%, porcentaxes moi próximas ao 100%; e a taxa de eficiencia dos egresados en máis do 99.50%, reflectindo tamén unha tendencia consolidada en porcentaxes próximas ao 100%.

Máster en Estudos Internacionais

O grao de cumprimento das guías docentes ou programas das materias

O éxito en materias que agrupan ao conxunto das competencias abordadas no título, como o Traballo de Fin de Máster, os indicadores de rendemento (taxas de éxito, avaliación, gradación, eficiencia, etc.) confirman que o Máster en Estudos Internacionais cumpre cos obxectivos establecidos no programa formativo e aseguran que os estudantes adquiriron as competencias previstas e que os resultados son coherentes co perfil de egreso.

Sirven como evidencia desta afirmación os resultados acadados para o conxunto do título nos últimos tres cursos:

	2016/2017	2017/2018	2019/2020
Tasa de rendemento	80.94	84.51	80.37
Tasa de éxito	96.31	97.28	95.76
Tasa de avaliación	84.05	86.68	83.93

A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na Memoria de verificación con carácter xeral. Existen variacións no que respecta ao sistema de avaliación, introducida por acordo do claustro de profesores e como consecuencia da experiencia acumulada na docencia.

Co obxectivo de que estas modificacións incorporadas nas guías docentes das materias correspóndanse exactamente co texto da Memoria do título, e atendendo á recomendación AM-09 realizada pola Comisión de Renovación da

Acreditación, procedeuse a realizar unha modificación non substancial da memoria do título no que corresponde ao sistema de avaliación. Dita modificación foi aprobada pola Comisión Académica na súa reunión do 8 de febreiro de 2018 e referendada pola Xunta de Facultade celebrada o 15 dese mesmo mes (o texto da Resolución da Comisión Académica pode verse no Autoinforme de renovación da acreditación/curso 2017-2018).

No momento en que se realice unha modificación substancial do título, está previsto que se incorpore na Memoria as modificacións relacionadas coa avaliación en materias optativas con reducido número de estudantes, atendendo a unha recomendación feita no Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG .

Aparte destas variacións que, como se explicaba, son froito da experiencia acumulada, foron acordadas polo claustro de profesores e a información consta nas guías docentes das materias, promoveuse un cambio no plan de estudos do Máster, o cal comezou a aplicarse a partir do curso 2018/2019, tras a súa aprobación pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia con data 2 de outubro de 2017 e pola ACSUG no seu Informe 4 de abril de 2018. O cambio adoptado non altera a estrutura nin os fundamentos e obxectivos do Máster. Trátase dunha adaptación ás necesidades formativas dos nosos alumnos derivada da formación previa recibida pola maioría deles, que proceden de distintas titulacións, co fin de reforzar os seus coñecementos básicos xenerais do ordenamento internacional atribuíndo o carácter de obrigatoria á materia ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL E INTEGRACIÓN REXIONAL e transformado, á súa vez, en optativa, unha materia propia duns estudos de especialización, como é o caso da materia, PERSOA, FAMILIA E UNIÓN EUROPEA.

Non se descarta no futuro, e dada a diversidade de perfil de ingreso dos nosos estudantes, incorporar novos complementos formativos para igualar coñecementos e achegar coñecementos máis básicos, de forma que sexa posible profundar máis nas materias específicas.

A coordinación no desenvolvemento do programa formativo

Tanto polo número de estudantes que cursan a titulación, como polo número de profesores que integran o claustro docente, resultan operativos e eficaces os mecanismos de coordinación e atención aos alumnos que se seguen no máster e que consisten no seguinte: reunións periódicas entre os estudantes e o coordinador; as titorías de cada materia, e a través das reunións da Comisión Académica, na cal hai unha participación activa dos estudantes. Este último aspecto foi destacado como un dos principais puntos fortes do Máster no Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG.

Cabe lembrar, por outra banda, que o contido das distintas materias está concibido para evitar solapamentos e reiteracións e desde a Coordinación do Máster están a facerse todos os esforzos necesarios para fortalecer os mecanismos de coordinación entre materias a fin de optimizar o tempo e alcanzar maior profundidade nos contidos das mesmas.

Con obxecto de mellorar esa coordinación horizontal, adoptouse como acción de mellora, e estase aplicando desde o curso 2017/2018, a celebración de reunións de coordinación ao comezo de cada semestre entre os profesores cuxas materias se imparten nesa etapa (MEI-5, ver plan de melloras). Está a facerse un especial seguimento á acción de mellora posta en marcha.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria.

O grao de cumprimento das guías docentes ou programas das materias

En cada curso académico revísase o grao de coincidencia entre as guías docentes e as que aparecen na MVT.

A coordinación no desenvolvemento do programa formativo

Ata a data nin docentes nin alumnos puxeron de manifesto ao coordinador do Máster ningunha incidencia neste sentido. A debida coordinación entre materias e contidos para evitar duplicidades e baleiros foi tida en conta no deseño do plan de estudos contido na Memoria do título. Ademais, cada ano apróbanse os programas das materias e o seu contido é público a través da web do centro na seguinte ligazón <https://www.usc.gal/es/centros/dereito/titulacions.html?plan=17134&estudo=17135&%20codEstudio=16445&valor=9>.

Naquelas materias asignadas a varios profesores da propia USC pertencentes á mesma área de coñecemento son estes que se coordinan entre si para o desenvolvemento do programa, como ocorre no caso de materias como

Facenda Publica da UE ou Economía Pública Internacional.

Pola súa banda, naquelas materias como “Harmonización fiscal: fiscalidade indirecta” a cargo de profesores de área externa ou a materia “Seminarios”, na que se abordan temas de actualidade por parte de profesionais externos á USC, o posible solapamento evítase a través da coordinación entre os participantes que realiza o Coordinador do título. Tampouco chegaron a coñecemento da Comisión Académica, que entre outras funcións, ocúpase do seguimento das incidencias na docencia que poñan no seu coñecemento profesores e representantes de alumnos, ningún tipo de queixa sobre a docencia impartida ou recibida, solapamentos ou baleiro de ningunha clase.

Finalmente, para garantir que este tipo de situacións puidesen ser detectadas para ser resoltas ou evitar que se produzan, no campus virtual incluíuse unha ferramenta (a “Aula de coordinación”) na que se inscribe á totalidade dos docentes e os alumnos na que permanentemente se publica e actualiza toda a información relativa ás normas de elaboración dos Traballos Fin de Máster, a asignación de alumnos aos títulos, o calendario de impartición das materias, etc; e que conta cun foro e unha caixa de correo onde se pode deixar constancia (tanto por profesores como por alumnos) de calquera problema detectado que puidese afectar o desenvolvemento do plan de estudos. Tampouco existe constancia de ningún tipo de problema posto en coñecemento do coordinador por esta vía.

En canto á coordinación entre as modalidades presencial e a distancia debe resaltarse que o curso 2015/2016 foi o último que se desenvolveu baixo a modalidade presencial, pasándose no curso 2017/2018 á modalidade exclusivamente virtual. Por esta razón non é necesaria actuación de coordinación algunha entre ambas as modalidades que garanta que os estudantes poidan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Finalmente, ó non existir prácticas externas, tampouco son necesarias actuacións ou mecanismos de coordinación que permitan aos estudantes acadar competencias asociadas a estas prácticas.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).**

Grao en Dereito, Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos e Grao en Criminoloxía

A USC conta con normativas de xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo. Algunhas delas son xerais para o conxunto da Universidade, mentres que outras conforman marcos regulamentarios susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título. As principais normativas, que se apuntan de seguido, poden consultarse nos enderezos web:

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html e

<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudantes/index.html>

- Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017)
- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012) o Resolución do 3 de decembro de 2014 pola que se acorda a publicación da modificación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster • Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008)
- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011) o Recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de Grao (CG 31/10/2013) o Acordo do CG sobre recoñecemento de créditos nos estudos de Grao ao abeiro do art. 12.8 do RD 1393/2007 (CG 05/07/2016, modificado por CG 12/05/2018) A aplicación do Regulamento dos traballos de fin de Grao da titulación de Graduado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en decembro de 2016 e polo que se arbitra un dobre sistema de avaliación destes traballos (ante titor, na que o estudante pode obter unha cualificación máxima de 8 puntos- e perante tribunal – opción que existía no anterior regulamento e que permite a obtención da cualificación máxima de 10 puntos) está dando os froitos agardados. O texto do novo Regulamento atópase na web da Facultade: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/normativa/>.

Existe tamén, como normativa propia do centro, o Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito (https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Regulamento_de_rexime_interno_da_Facultade_de_Dereito.-Reformado.pdf e a Normativa de exención de docencia

(https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Exencixn_de_docencia.pdf

Anualmente, cada curso apróbanse tamén diferentes resolucións decanais destinadas á ordenación dos procedementos de cambios de grupo ou prácticas externas.

Máster en Avogacía

A aplicación das distintas normativas axústase á Memoria verificada. Neste sentido, cabe destacar que a Universidade de Santiago dispón de diferentes regulamentacións que contemplan especificamente a permanencia dos estudantes, asistencia a clase, atención á diversidade e necesidades especiais, sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, recoñecemento de competencias, avaliación do rendemento académico dos estudos e de revisión das cualificacións, traballos fin de máster, prácticas externas, etc., das cales se fai uso nos estudos deste Máster cando procede a súa utilización.

Algunhas destas normativas de carácter xeral foron utilizadas, en ocasións puntuais, pola Comisión Académica do

Máster, particularmente as relativas ao recoñecemento de créditos en varias materias de prácticas externas; á resolución de reclamacións relativas ao procedemento de matrícula extemporánea ou cambio de matrícula dalgún alumno/a (no caso do campus de Lugo); a reclamacións do alumnado sobre cualificacións outorgadas en materias concretas, etc. É de destacar que todas estas solicitudes ou reclamacións puideron ser resoltas satisfactoriamente, na maior parte dos casos, mediante a aplicación dos procedementos xerais previstos na diferente normativa universitaria de referencia.

Pola súa banda, o Máster ten establecidas normativas propias en canto a sistemas de avaliación específicos das diferentes materias, traballos fin de máster, prácticas externas, etc., que se recollen nas guías docentes das materias e en acordos aprobados pola Comisión Académica, e que resultan de gran utilidade ao profesorado e titores, xa que posibilitan o emprego de criterios obxectivos e que se dispoña de múltiples elementos de información e valoración sobre cada alumno/a. Estas normativas aplícanse segundo o establecido nas mesmas e os obxectivos e competencias a conseguir co Máster, resultando unha contribución importante para a eficiencia dos resultados do título.

Máster en Estudios Internacionales (MEI)

Algunhas das normativas son xerais para o conxunto da Universidade mentres que outras constitúen marcos regulatorios susceptibles de adaptación para cada título. As principais normativas, que se apuntan a continuación, poden consultarse en:

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_masters_normativa.html,

<http://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>:

- Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster na USC (aprobada en CG 28/07/2017)
- Normativa de permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG15/07/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/07/2012)
- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008) – Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR15/04/2011)
- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG22/07/2009). Modificación da normativa de avaliación do rendemento académico (aprobada CG 05/04/2017)
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acuerdoCG10/03/2016)
- Regulamento de acceso e admisión aos ensinos universitarios oficiais de Grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral
- Normativa de asistencia a clase nos ensinos adaptados ao EEES (aprobada CG 25/03/2010)

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

Aplícase a normativa de permanencia aprobada polo Consello Social da USC para os estudos oficiais de grao e máster na súa sesión do 5 de xuño de 2012. Esta normativa recolle aspectos fundamentais da vida académica como son: os tipos de matrícula (a tempo completo e tempo parcial), o réxime de permanencia (os requisitos de aproveitamento esixibles para a continuidade dos estudantes na Universidade), o réxime de convocatorias, a regulación do progreso académico (nº máximo de créditos que poden matricularse, deber de matricular materias suspensas de cursos anteriores, requisitos para a inscrición e superación dos traballos fin de grao e máster). Pódese consultar a normativa completa nesta ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/publicados/2012/20120717/ AnuncioG2018-110712-0001 _gl.pdf

A súa incidencia nos resultados do Máster non é significativa pois no curso 2018/2019 dos 18 matriculados 16 son de novo ingreso.

Ao Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria resúltalle ademais de aplicación a “Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior” da USC, de cuxa aplicación son responsables os Servizos competentes (Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica e Servizo de Xestión Académica); dispoñible a través da seguinte ligazón:

http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0321_masters_normativa.html#transferencia .

Con todo ningún alumno solicitou recoñecemento algún de créditos no Máster, polo que non procede valorar a incidencia desta normativa neste título.

A USC conta tamén cunha normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster aprobada polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, que foi adaptada á titulación obxecto de avaliación por acordo da Comisión Académica o 20 de xullo de 2017, ao obxecto de adecuar a normativa xeral ás esixencias da modalidade virtual de docencia.

- **Admisión do alumnado (accións de captación).**

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

En canto á captación de novos estudantes, aínda que o título conta cunha elevada demanda, a Facultade mantén a súa implicación no programa “A Ponte” da Universidade (charlas nos centros de secundaria de Galicia, xornadas de portas abertas), co obxectivo de que os novos estudantes cheguen coa mellor orientación previa posible.

O perfil de ingreso dos alumnos do Grao en Dereito e do Dobre itinerario de Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos ten mellorado ao longo dos pasados cursos académicos, tal e como demostran as notas de corte de acceso a ambas titulacións. No curso 2018/2019, a nota media de acceso por preinscrición no Grao en Dereito foi do 10.79, sensiblemente superior ao 10.42 do curso inmediatamente anterior e no caso do Dobre itinerario foi de 11,74 fronte ao 11.24 do curso anterior (Vid IN06). Nos dous casos, a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é do 100% (IN07G).

Polo que se refire a nota de corte, no Grao en Dereito foi dun 9.09 e dun 10.52 no caso do Dobre itinerario (vid informe de notas de corte do SUG).

Grao en Criminoloxía

Aínda que non contamos todavía con egresados, o título de Graduado en Criminoloxía está a responder ás expectativas académicas, científicas e profesionais plasmadas na Memoria verificada. O Grao presenta unha gran demanda, con 968 solicitudes de admisión no curso 2018/19 e unha nota de corte de acceso desde o bacharelato de 9.07 (fonte: CIUG). A nota media do alumnado admitido foi de 10.156 (alumnos de bacharelato, fonte: CIUG).

Máster en Avogacía

O acceso e admisión do alumnado realízase conforme aos criterios específicos que constan na Memoria do título: expediente académico, currículo, experiencia profesional ou prácticas profesionais e carta de motivación do alumno/a. Con todo, actualmente estes criterios non veñen aplicando, ao resultar a oferta de prazas lixeiramente superior á demanda no campus de Santiago, e moi superior no caso do campus de Lugo.

A demanda nos campus de Santiago e de Lugo veuse mantendo estable nos últimos anos respecto ao total de prazas ofertadas, resultando, con todo, moito máis elevada na cidade de Santiago. Esta maior demanda de prazas nun dos campus respecto do outro, motivou no seu momento a realización dun axuste interno dentro do número total de prazas establecidas na Memoria, incrementando as prazas ofertadas no campus de Santiago (de 40 a 55; excepcionalmente, de existir demanda, mesmo a 60) e diminuíndo as ofertadas para Lugo (de 40 a 25; excepcionalmente, de ser moi superior a demanda en Santiago, a 20), aínda que sen exceder nunca, entre os dous campus, o total de prazas establecidas na Memoria verificada, como solicitara a ACSUG no Informe para a Renovación da Acreditación (2016). Producido o devandito axuste interno, obsérvase unha tendencia ao equilibrio entre as prazas ofertadas e as prazas cubertas, cunha lixeira diminución da demanda no presente curso 2019/2020 e no anterior 2018/2019, motivado moi probablemente pola maior convocatoria de prazas para o acceso á función pública nestes últimos anos de progresiva

saída da crise económica que vivimos. Así, en Santiago, nos dous últimos cursos (2019/2020 e 2018/2019) por primeira vez non se cubriron as 55 prazas ofertadas, cando en anos anteriores case se chegaba aos 60 matriculados. No campus de Lugo, o teito máximo parece situarse nas 10-20 prazas de novo ingreso, xa que só un ano superouse a cifra de 20 (curso 2015-2016). Por tanto, os esforzos deben orientarse na dirección de non baixar, no futuro, do mínimo de 15 matriculados de novo ingreso no campus de Lugo; situándose o teito en Santiago nos 60 alumnos de novo ingreso e nun mínimo de 45.

A maior demanda consolidada no campus de Santiago pode obedecer a diferentes factores, entre os que se atopan: esforzo anual da EPX para chegar, a través diferentes vías (mailing, sesións informativas periódicas, charlas, etc.), ao maior número de interesados posible (alumnos do último ano do grao en Dereito, pasantes de despachos de avogado, etc.); mellora constante da páxina web da Escola; sesións informativas periódicas sobre contidos, metodoloxía e características do Máster; ofrecemento ao alumnado de servizo de orientación laboral e de bolsas de traballo; posibilidade de realizar prácticas voluntarias en concellos da provincia da Coruña financiadas pola Deputación provincial; bolsas de colaboración financiadas polo Colexio de Avogados de Santiago; bolsas de matrícula da Mutualidad da Avogacía Española, etc. Para incrementar a demanda no campus de Lugo, veñen realizando accións de mellora desde o curso 2017/2018, a través de diferentes iniciativas: mellora da páxina web do Máster no ICA de Lugo; mellora da información proporcionada aos interesados desde o ICA de Lugo; realización de convenios entre a USC e a Deputación de Lugo para a redución do custo de matrícula aos alumnos de novo ingreso no Máster, etc. Con todo, parece que ata a data ditas accións non están a ofrecer o resultado esperado, despois de que a demanda, no canto de incrementarse, vén reducindo; de aí a necesidade de pensar noutras actuacións que permitan obter resultados máis positivos.

Para concluír, debe valorarse positivamente o esforzo realizado desde os órganos do Máster para que tanto a Universidade como a Facultade de Dereito, respectivamente, compasasen as datas do procedemento ordinario de matrícula nas titulacións de posgrao e de defensa dos Traballos Fin de Grao, coas datas establecidas para o inicio das actividades docentes no Máster, evitándose o solapamento dos prazos; conseguíndose dita coordinación de prazos no curso 2018/2019.

Máster en Estudios Internacionales (MEI)

Segundo o previsto na Memoria do Título, o perfil do estudante ao que vai dirixido este Máster procede, principalmente, de titulacións vinculadas á área das Ciencias Sociais e Xurídicas e ás Humanidades, aínda que non se exclúe aos candidatos procedentes doutras titulacións. Con todo, préstase unha especial atención aos titulados en Dereito e Ciencias Políticas, aos que se reserva a cota máis ampla dentro da oferta de prazas do Máster (50% das prazas), por estimar que son as titulacións máis estreitamente vinculadas aos estudos internacionais polas materias relacionadas con este ámbito incluídas nos seus plans de estudos.

En termos académicos, a nota media de ingreso dos alumnos matriculados nos últimos cursos foi de 7,21, 7,35 e 7,17 e a totalidade, nos tres anos, superaba o 6.

A evolución dos alumnos matriculados na titulación, a pesar das súas oscilacións, sempre se mantiveron por encima das 20 matriculas. Nas nove edicións xa concluídas a matrícula de novo ingreso foi de 10 (o primeiro ano), 23, 25, 31, 29, 34, 25, 20 e 33. No curso 2018/19 a matrícula alcanzou os 30 alumnos.

Ademais, os datos reflicten a capacidade do título para atraer a alumnos estranxeiros: 18,42%, 30,43% e 39,02% sobre o total no últimos tres cursos concluídos. Alumnos que non proceden dos programas de mobilidade da USC (4,35% e 9,76%, nos últimos dous cursos).

Outro indicador é o feito de que este máster constitúe o único título oficial que se oferta dentro do Sistema Universitario de Galicia sobre contido de Estudos Internacionales e da Unión Europea. Todos os demais acabaron desaparecendo por falta de alumnado. O cal proba a demanda dos estudantes e o atractivo que ofrece a titulación.

Máster en Fiscalidad Internacional y Comunitaria

O perfil real do estudiantado matriculado nestes últimos anos componse maioritariamente por licenciados ou graduados en Dereito, Administración e Dirección de Empresas e Economía, o cal é plenamente coherente co perfil de ingreso establecido na memoria verificada. En concreto, no curso 2018/2019, os perfís de acceso dos 16 matriculados de novo ingreso achábanse repartidos entre licenciados ou graduados en Dereito (37,5%), Políticas (25%), Economía (6,25%), ADE (6,25%), Dobre grao Dereito-ADE (6,25%), Relacións Laborais (6,25%) e Títulos estranxeiros (12,5%); sendo os 37,5% titulados da propia USC e dúas deles (12,5%) estranxeiros.

Dende o cambio á modalidade en liña apréciase unha melloría notable en canto á captación de alumnos. Así, no curso académico 2017/2018, o número de matriculados de novo ingreso ascendeu a 15 e no 2018/2019 dos 18 matriculados, 16 son de novo ingreso (dun total de 20 matriculados inicialmente que acabaron renunciando á súa matrícula no período de modificación ou renuncia), o que acredita a tendencia á alza na captación de novos estudantes do título dende a súa conversión en online.

- **Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.**

Non procede nas titulacións ofertadas na Facultade de Dereito, agás polo que se refire ó MEI, no que se están a plantexar esta posibilidade, aínda que polo momento non se materializou.

- **Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional**

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

Na xuntanza da Comisión de Docencia e Calidade de 4 de decembro de 2019, aprobouse o PAT (Plan de Acción Tutorial) da Facultade de Dereito), coas accións informativas adicadas ó alumnado, tanto ó inicio dos seus estudos como no transcurso dos mesmos e ó finalizar para encamiñar a súa futura actividade profesional. Os contidos do PAT son sempre os mesmos; cambian as datas nas que teñen lugar as distintas actividades, así como as persoas encargadas de cada unha das tarefas. Na actualidade o texto do PAT é o seguinte:

Plan de Acción Tutorial da Facultade de Dereito

O Plan de Acción Tutorial (PAT) da Facultade de Dereito comprende actividades de acollida e orientación dirixidas aos estudantes, no momento da súa incorporación á universidade e tamén ao longo dos seus estudos. Realízase coa finalidade de favorecer a integración do estudante no entorno universitario, estimular a súa aprendizaxe e apoiar o deseño da súa carreira profesional e a búsqueda de emprego.

- Orientación a estudantes de novo ingreso
- Xornada de acollida e presentación da Facultade. Estudantes de grao: 10/9/2019 ás 10 horas no Salón de Actos.
 - Acompañamento a través do Programa de Alumnos Tutores da USC. Este programa ten como obxectivo formar ao alumnado seleccionado para que poida dar acollida aos estudantes de novo ingreso. No curso 2019/20 os alumnos tutores da Facultade son Elena Castro Celeiro, Raquel Saqués Salgado, Yolanda Gromaz Iglesias e Yolanda Pomarol Riveras.
- Orientación ao longo dos estudos
 - Sesión informativa sobre programas de mobilidade (24 de outubro)
 - Sesión informativa sobre o TFG (26/09/2019 ás 13:30 horas na Aula 4)
 - Sesión informativa sobre Prácticas Externas (26/09/2019 ás 12:30 horas na Aula 4)
 - Guías de Mobilidade, Practicas externas e TFG/M
 - Programa de Apoio Tutorial Extraordinario da USC para axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presentan especiais dificultades

- Orientación para a toma de decisións ao finalizar os estudos
 - Conferencias sobre procura de emprego e emprendemento
 - Sesión informativa sobre oferta de formación de posgrao
- Ademais, dentro do programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”, a Facultade recibiu a visita de alumnos de bacharelato – potenciais estudantes da Facultade. Neste marco tamén se destaca o Programa de titores, a través do cal alumnos de cursos superiores realizan titorizacións dos alumnos recen chegados (4 estudantes solicitaron ser incluídos no programa para as 4 prazas ofertadas).
- A modalidade de impartición é presencial, polo que reiteramos de novo o referido á adecuación dos recursos materiais/ infraestruturas.
- Existía a posibilidade de cursar Prácticas externas curriculares convalidables por créditos de carácter optativo (materias optativas desde o curso 2018/2019). Ditas prácticas realízanse en institucións de prestixio (asesorías xurídicas, Avogacía do Estado, Concellos, Deputacións, Notarías, Rexistros, etc), por iso é polo que se presuma a adecuación de tales institucións para a adquisición das competencias necesarias. Vid. nos apartados 1.3 e 1.5 deste informes ás referencias ás prácticas extracurriculares.

Grao en Criminoloxía

O Grao carece de servizos propios de orientación académica e orientación profesional. Estes servizos son prestados con carácter xeral pola propia Universidade de Santiago de Compostela a través de distintas oficinas tales como a OIU (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>) sen prexuízo de que desde o Decanato da Facultade e desde a Conserxería aténdanse a certas demandas de información por parte dos alumnos. É relativamente frecuente que os alumnos acudan a profesores/ titores/ coordinadores en procura de orientación non só académica, senón tamén profesional, polo que no Plan estratéxico 2017/2020 téñense contemplado actuacións ao respecto (creación dun programa de orientación para estudantes de novo ingreso e un programa mentoring con titores académicos da Facultade – vid Liña estratéxica 1 do PE 2017/2020).

Máster en Avogacía

Respecto a os servizos de orientación académica e profesional, así como de atención ao estudante, que se poñen ao dispor do alumnado, estes resultan apropiados para dirixilos e orientalos en relación coa súa matrícula, necesidades especiais, cualificacións, certificados, convalidacións e traslados, etc., xa que ademais dos servizos xerais da USC encargados deste tipo de tarefas, a EPJ de Santiago e o ICA de Lugo proporcionan unha información complementaria, específica e máis próxima nestes temas. Desde a coordinación do título, así como por parte do conxunto de titores e persoal administrativo adscrito ao Máster, ofrécense os servizos de orientación demandados polos estudantes de forma satisfactoria. Así, a orientación académica recibiu durante o curso 2018/2019 unha valoración por parte dos estudantes dun 4.27 sobre 5 no campus de Santiago, moi superior á media da USC (situada en 3.4) e 38 de 67 tamén á do campus de Lugo (3.7); en Lugo tamén se supera a media da USC. A tendencia en ambos os campus é a un incremento progresivo da satisfacción dos estudantes neste ítem. Pola súa banda, a orientación profesional recibida foi valorada con 3.73 no caso de Santiago e cun 3.3 en Lugo no curso 2018/2019, o que supera a media da USC e evidencia tamén un incremento paulatino do grao de satisfacción dos estudantes con este ítem. No referido á satisfacción dos egresados coa información, xestión académica e reclamacións, no curso 2018/2019 dos 25 ítems que tiveron que ser obxecto de resposta supérase a media da USC en 18. A atención ao alumnado con necesidades especiais é valorada en 2017/2018 e 2016/2017 (únicos datos facilitados pola área de Calidade dela USC) cun 3.29 e 3.20 en Santiago e un 2.67 e 2.75 en Lugo, sendo a media da USC do 2.86 e 2.87, respectivamente).

Tamén se dispón de programas propios de acollida e apoio ao estudante que lle orientan no funcionamento do Centro/institución e do Máster. Con todo, convén destacar que no campus de Santiago existe o hándicap de que nas datas de matrícula a Facultade de Dereito e a EPJ atópanse pechadas por resolución reitoral, impedindo nas

devanditas datas craves ofrecer información máis especializada aos interesados.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

Dende a coordinación do título, así como por parte do conxunto de titores, ofrécense os servizos de orientación demandados polos estudantes de forma satisfactoria. A orientación académica recibe unha valoración por parte dos estudantes de 4,53, sensiblemente superior á media rexistrada para os másteres oficiais da USC nas enquisas de satisfacción co título. En todo caso, convén matizar estes resultados en función do exíguo número de cuestionarios respondidos polos alumnos: 8 no curso 2018/2019(27.59% do alumnado).

Máster en Fiscalidad Internacional y Comunitaria

A orientación académica e profesional dos estudantes realízase a través das figuras do titor e do Coordinador. Así, no primeiro cuadrimestre do curso académico procédese por parte da Comisión Académica do Máster á asignación de titores aos alumnos (entre os profesores do Máster), á vista das preferencias manifestadas por estes sobre as áreas temáticas nas que desexan desenvolver a súa TFM (prezos de transferencia, BEPS, compensación transfronteiriza de perdas, CDIs, etc). A partir dese momento o seguimento e orientación dos estudantes corresponde ao titor. Con anterioridade a este nomeamento, para garantir o seguimento do estudante desde o inicio das actividades docentes, a orientación corresponde ao Coordinador do Máster que se ocupa tamén ao longo do curso da atención ao estudante, de resolver as incidencias que poidan ir xurdindo e de informalos de prazos, datas, etc.

Para estes efectos, a aula de coordinación dispón dun taboleiro de anuncios onde se publica e actualiza a información relevante sobre o Máster, unha caixa de correos de correo para a comunicación con alumnos e docentes, así como para a posta en coñecemento do coordinador de posibles incidencias relativas á docencia ou de carácter técnico, foros onde establecer unha canle de contidos e feed back cos alumnos para coñecer a marcha da docencia, instrucións de carácter técnico, etc. O seu mantemento e actualización corre a cargo do coordinador e nesta aula están inscritos tanto docentes como alumnos. A aula de coordinación revelouose de vital importancia nos primeiros momentos de implementación da docencia virtual, pois como calquera ferramenta que entra en funcionamento por primeira vez, a plataforma eHabilis ocasionou a alumnos e docentes algúns problemas iniciais que foron postos en coñecemento do CETA e do vicerreitorado competente para a súa pronta solución. A estes efectos, esta ferramenta axuda dunha maneira decisiva á coordinación a coñecer e resolver posibles incidencias relativas á docencia ou de carácter técnico.

- **Mobilidade.**

Grao en Dereito e Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

Polo que respecta ó alumnado, nestas titulacións destaca a súa participación en programas de mobilidade. O desglose por programas no curso 2018/2019 é o que segue:

Polo que respecta a alumnado saínte:

- ERASMUS+: 34 alumnos do Grao en Dereito + 2 alumnos do Dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos (frente ós 22 en total do curso 2017/2018)
- CONVENIO BILATERAL: 2 alumnos (o curso anterior ningún). Este é un programa de atracción de alumnado pero no que o noso participa moi escasamente.
- SICUE: 27 alumnos do Grao en Dereito e 1 do Dobre itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos.

Polo que respecta ó alumnado entrante:

- ERASMUS+: 19 alumnos
- CONVENIO BILATERAL: 33 alumnos

– SICUE: 6 alumnos.

Polo que respecta ó profesorado, á marxe doutros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Oficina de Relacións Exteriores: http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/erasmus/pdi_outgoing.html.

Valoramos moi positivamente neste apartado o feito de que tal participación se realizara de xeito ininterrompido en todos os cursos académicos (vid I. 10 Porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título; pero tamén merece unha reflexión o feito de que o nivel de participación sexa tan baixo no Grao en Dereito: un 2,04%. Quizáis as excesivas obrigas docentes do profesorado e o número deficitario do mesmo, fagan moi difícil para o profesorado participar nun programa de intercambio, cando non hai compañeiros/as que poidan sustituílo nas súas tarefas docentes.

Grao en Criminoloxía

Polo que respecta ao alumnado saínte do Grao, non tivo todavía a oportunidade de participar en programas de mobilidade. No caso do alumnado entrante, contouse cun alumno procedente dos convenios bilaterais.

Máster en Avogacía

O alumnado do Máster non adoitan participar en programas de mobilidade durante o período en que cursan a titulación. Esta escasa participación débese a varios factores que, consideramos, teñen a súa base no propio deseño da titulación, como a curta duración dos estudos, polo menos no que se refire ao período do “curso de formación” (apenas dous cuatrimestres); as insuficiencias que presentan os programas xerais de mobilidade de estudantes para esta titulación; o custo económico que supón desprazarse e vivir nunha cidade diferente á de residencia familiar cando se están cursando estudos de posgrao; o gozar, en moitos casos, dunha experiencia ERASMUS durante os estudos de Grao; a conveniencia de efectuar as prácticas externas en institucións e despachos situados na propia cidade de residencia do alumno/a ou do seu círculo de influencia, para facilitar a posterior incorporación ao mercado laboral; o marcado carácter nacional que presentan as normas xurídicas e os procedementos administrativos e xudiciais, etc.

Tamén os docentes poden acollerse aos diversos programas de mobilidade que ofrece a USC, estando esta opción actualmente só dispoñible para o profesorado universitario. Con todo, as dificultades que existen para substituír as ausencias desincentivan a súa realización, manténdose a mobilidade en porcentaxes que oscilan entre o 4% e o 9%, seguindo os anos; porcentaxe lixeiramente superior ao dos docentes do Grao en Dereito da USC.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

Nin profesorado nin alumnado participou en Programas de mobilidade.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

Nin profesorado nin alumnado participou en Programas de mobilidade.

- **Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)**

Grao en Dereito e Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

A adecuación da metodoloxía de ensinanza ao perfil e necesidades dos estudantes considérase apropiada. •O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, e sistemas de avaliación correspondeuse co establecido na memoria e na modificación solicitada no anterior autoinforme, permitindo a consecución das competencias. Polo que se refire aos tamaños dos grupos, aínda que a media de alumnos por grupo de teoría mantense dentro das previsións da Memoria, no caso da docencia práctica presenta unha desviación excesiva con respecto ás previsións iniciais, situándose a media de 35 no curso 2018/2019 (IN32G), número real moito máis elevado nos primeiros cursos do Grao e nalgúns materias illadas en terceiro e cuarto, un pouco lonxe dos 20 estudantes previstos na Memoria, aínda que sensiblemente inferior que nos cursos precedentes.

Grao en Criminoloxía

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, e sistemas de avaliación correspondeuse co establecido na memoria, permitindo a consecución das competencias. Polo que se refire aos tamaños dos grupos, o número de alumnos por grupo de teoría mantense dentro das previsións da Memoria. No caso da docencia práctica nalgúns materias presenta unha desviación mínima (de 1 alumno) con respecto ás previsións iniciais (máximo de 25).

O aseguramento de adquisición de competencias polo alumnado do curso de adaptación realizase a través da utilización dos criterios de avaliación que veñen fixados na Memoria verificada do Grao e que cada profesor adoptou na súa guía docente.

Máster en Avogacía

Os contidos e a metodoloxía empregada na impartición do Máster reveláronse idóneos, tanto para ofrecer ao alumnado a capacitación profesional esixida para acreditar que se posúen os coñecementos, competencias, técnicas e destrezas necesarias para obter o título profesional de avogado/a (taxa de aprobados practicamente do 100%), como para favorecer o emprego dos titulados no ámbito galego e español, nas súas diversas modalidades. A este respecto, cabe destacar: a) Que os contidos, planificación docente e a metodoloxía do Máster foron considerados idóneos polo Consello Xeral da Avogacía Española, aprobando en tal sentido a homologación das Escolas de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela (USC e ICA Santiago) e de Lugo (ICA Lugo) en reunión do Pleno do CGAE deo 20 de setembro de 2013, homologación que veu sendo obxecto de revalidación periódica; e b) Que as enquisas telefónicas realizadas pola organización do Máster, poñen de manifesto que aproximadamente máis da metade do alumnado accede ao mercado laboral no ano posterior á finalización dos seus estudos.

Os sistemas de avaliación seguidos para garantir o aproveitamento por parte do alumnado dos estudos e constatar o seu progreso na consecución dos obxectivos fixados, inclúen controis diarios de asistencia e valoracións parciais e finais correspondentes a actividades de carácter eminentemente práctico. Por tanto, valórase o rendemento e aprendizaxe adquirido a través dunha combinación equilibrada de diferentes actividades de avaliación da formación, de acordo co indicado na guía docente de cada materia. Poténciase a avaliación continua, co fin de estimular ao alumnado para seguir o proceso e involucrarse na súa propia formación. Neste sistema tense en conta a asistencia e a participación activa nas clases, esixíndose unha asistencia controlada non inferior ao 85% das sesións/clases en cada materia; a participación mediante debates, exposicións e simulacións orais; a realización de traballos individuais ou colectivos, e de probas, controis e avaliacións periódicas, que permiten ir coñecendo o grao de aproveitamento e de progreso do alumnado. Para aqueles/ as alumnos/ as que non cumpran co requisito da asistencia ou non logren superar o sistema de avaliación continua, sempre que acrediten unha asistencia non inferior ao 60% na respectiva materia, establécense probas finais tipo test, resolución de casos prácticos, actuacións orais, etc., que permitan valorar os resultados da aprendizaxe. A ACSUG, no Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación (2016),

destacou os esforzos realizados “por facer un seguimento personalizado dos estudantes a través de entrevistas ou outros mecanismos similares”.

As actividades de ensino/aprendizaxe e de avaliación viñéronse apoiando tamén en: a) O Campus Virtual da USC, que ofrece recursos docentes na internet e que é utilizado cada vez máis frecuentemente polo profesorado universitario como recurso de apoio para a docencia, e, en menor porcentaxe, polo profesorado profesional; e b) A plataforma informática da Escola de Práctica Xurídica de Santiago, que permite ofrecer os diferentes materiais e supostos prácticos correspondentes a cada unha das materias que se imparten; ligazóns ás fontes básicas de coñecemento; recoller os traballos realizados polo alumnado; realizar probas de autoavaliación; habilitar medios de contacto para titorías virtuais; remitir as cualificacións aos alumnos, etc. A coordinación académica do Máster, a través dos servizos administrativos da EPJ de Santiago, realiza periodicamente accións formativas específicas tendentes a ensinar ao alumnado e ao profesorado o funcionamento dos sistemas informáticos dedicados á docencia de que dispoñen as instalacións da Escola, para un adecuado uso e optimización dos mesmos.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

Os obxectivos fixados na Memoria do Título están a cumprirse satisfactoriamente e os estudantes adquiren as competencias previstas ao finalizar máster. As materias que conforman o plan de estudos son coherentes co perfil de egreso dun titulado superior en estudos internacionais. As evidencias dispoñibles, as guías docentes en particular, mostran que o desenvolvemento das actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos. Os indicadores e as análises dos devanditos indicadores e demais evidencias mostran uns resultados de aprendizaxe que satisfán os obxectivos do programa formativo.

A análise dos resultados do título evidencia tamén que os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación experimentou un cambio substancial a partir da modificación do título aprobada por Resolución do Reitorado da USC do 26 de setembro de 2017, á vista do informe favorable á modificación emitido pola ACSUG do 1 de abril de 2016, que cambia a modalidade de impartición de presencial a en liña.

Esta modificación implementouse no curso 2017/2018, primeiro no que a titulación pasa a impartirse na modalidade virtual e último dos que son obxecto de informe. Iso obrigou a adaptar o desenvolvemento das materias e a metodoloxía á súa nova contorna virtual, obrigando aos docentes para realizar un maior esforzo en orde á elaboración de materiais docentes para a súa posta ao dispor dos alumnos; así como a formarse no manexo desta nova plataforma e nas técnicas e métodos de formación a distancia. Para garantir a adecuada adaptación do persoal a esta nova modalidade de ensino o coordinador solicitou a colaboración do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe da USC a organización e impartición desde o ano 2017 dos correspondente cursos de formación docente. Tales cursos, como o de “ Xestión e Uso didáctico do Campus Virtual para a formación en liña (iniciación)”, a “Plataforma eHabilis. Nivel 2” e “ Introducción á plataforma eHabilis”, foron publicitados coa debida antelación e cursados pola totalidade dos docentes implicados.

O sistema de avaliación e cualificación permite a consecución das competencias necesarias para a obtención do título, aínda que a partir do curso 2017/2018 a avaliación ten lugar a través da combinación dos distintos ítems desenvolvidos polo alumno no campus virtual (test e casos prácticos de avaliación, que supoñerán un 15% da nota final cada un; a participación no debate, que implicará outro 20% da nota final; e a elaboración dun traballo de avaliación, cuxa valoración supoñerá o 50% da nota final, do cal o 30% corresponderase co manexo das fontes e valoración dos aspectos formais e o 70% cos contidos desenvolvidos polo alumno).

O tamaño dos grupos, de acordo coa nova modalidade de docencia e o límite de 25 prazas de novo ingreso previsto na Memoria do Título (aínda que cada ano ofértanse 20), non interfere nin condiciona o desenvolvemento das actividades formativas.

O campus virtual e os diversos recursos electrónicos cos que conta a USC para o desenvolvemento da docencia nunha contorna virtual (microsoft Teams, Zoom, Skype, etc) permite realizar tanto videoconferencias en tempo real cos alumnos, como actividades de avaliación ou prácticas en grupo; aínda que o distinto uso horario dos países nos que residen algún dos nosos alumnos fai ás veces conveniente o recurso a grupos reducidos para titorías ou a gravación de vídeos que se deixan ao dispor dos alumnos na plataforma virtual.

- **Prácticas externas.**

Grao en Dereito e Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

A titulación de Grao en Dereito conta cun sistema de prácticas externas coordinado actualmente polo Vicedecano de Organización Académica, Vicente Sanjurjo Rivo, e no curso 2018-2019 pola entón Vicedecana de Organización Académica, Ana Gude Fernández (actualmente a Decana do Centro) a través do cal se lle recoñecen aos alumnos créditos de natureza optativa. Estas prácticas son realizadas nas distintas administracións públicas, órganos xurisdicionais, notarías, rexistros, etc. Dos resultados das enquisas de satisfacción despréndese que xa máis da metade dos estudantes egresados ten realizado prácticas en empresas e institucións (57.97% segundo o IN22G). O grao de satisfacción dos implicados na realización das prácticas é moi alto. Así, a valoración media da satisfacción dos estudantes coas prácticas externas é dun 4,44 sobre 5 (IN19G), subindo lixeiramente con respecto ó 4.10 do curso anterior, e a dos títos profesionais é dun 4,19 sobre 5 (IN20G).

Ademais, tamén se ofertan prácticas externas extracurriculares, tanto no marco do Consello Social da USC como da propia Facultade de Dereito. En concreto, polo que respecta ó Grao en Dereito, houbo 7 alumnos/as que fixeron prácticas extracurriculares en Despachos de avogados (Iglesias y Varela, avogados; Acylabogados...), en concellos como o de Vilaboa, en Asesorías (Asesoría García Salgado S.L.) e noutras empresas como Denodo Technologies.

É preciso salientar tamén que, por primeira vez, no curso académico 2018/2019 dúas alumnas da Facultade de Dereito participaron no Programa de Prácticas Extracurriculares en Representacións Españolas no Exterior, unha no Consulado General de España en Salvador de Bahía (Brasil), do 1 de febreiro de 2019 ó 31 de maio) e a outra no Consulado General de España en Lima (Perú), do 15 de febreiro de 2019 ó 31 de maio.

Grao en Criminoloxía

A memoria contempla un sistema de prácticas externas a través do cal se lle recoñecen aos alumnos créditos de natureza obrigatoria. Estas prácticas non se desenvolverán ata o curso académico 2021-2022. As previsións son que se realicen en distintas institucións, administracións públicas e órganos xurisdicionais vencellados ó sistema de xustiza penal.

Máster en Avogacía

No terceiro semestre poténciase a aplicación práctica dos ensinados recibidos durante o “curso de formación”, coa realización dun amplo período de prácticas externas en despachos profesionais, para que o alumnado poña en valor e desenvolva os coñecementos, técnicas, habilidades e actitudes adquiridas durante os dous semestres anteriores. É relevante o elevado e progresivo grao de satisfacción dos estudantes e dos títos coas prácticas externas (entre o 4 e o 4.50 nos últimos anos) e dos egresados coa formación práctica recibida (no curso de referencia 2018/2019 foi dun 5 sobre 5; mentres que a media da USC situouse nun 3).

As materias que integran o módulo de “Prácticas Externas” son tutorizadas in situ por profesionais pertencentes a administracións públicas (fundamentalmente letrados da Xunta de Galicia, dos Concellos de Santiago e de Lugo, das

Deputacións provinciais, da Seguridade Social, da USC, etc.), órganos xurisdicionais (maxistrados) e avogados dos colexios de Santiago e de Lugo.

Ditas materias teñen asignadas un cadro de titores específicos, pertencentes á entidade ou institución colaboradora, que se encarga da formación do alumnado, conforme aos contidos e competencias establecidas no art. 14 do RD775/2011 e nas guías docentes de cada materia aprobadas pola Comisión Académica do Máster. En cumprimento da normativa de aplicación, estas materias dispoñen da figura de “coordinador/a de prácticas externas” e dun “equipo de coordinación”, que se encargan máis directamente de establecer o contacto persoal con cada titor/a, do seguimento das prácticas, das reunións periódicas co alumnado para analizar o seu grao de aprendizaxe e de satisfacción, da avaliación da memoria de prácticas que debe elaborar cada alumno/a como un dos elementos que forman parte da cualificación final da materia, etc. Normalmente, a asignación de despachos, órganos xurisdicionais e gabinetes de administracións públicas prodúcese nunha relación dun titor/a - un/a alumno/a. A coordinación académica e profesional xunto co/a avogado/a coordinador/a de as prácticas externas, conforman o equipo de tutoría encargado de supervisar a realización das prácticas externas.

Especial atención vén prestando cada curso académico ás tarefas de coordinación das catro materias de prácticas externas, convocándose ao alumnado, en grupos reducidos, a reunións coa coordinación para transmitirles os obxectivos destas prácticas e avaliar o grao de aprendizaxe, rendemento e satisfacción. Tamén se efectúan reunións cos/ as titores/ as para coordinar os contidos, metodoloxía, avaliación, etc., tratando de reducir ao mínimo as diferenzas na impartición destas materias, sen prexuízo das singularidades propias de cada órgano ou institución e de cada titor/a.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

No curso 2016/17 foi asinado, por parte da USC, un convenio de colaboración coa Deputación da Coruña por medio do cal se ofrece aos alumnos egresados do máster dúas bolsas dun ano de duración para realizar prácticas remuneradas na oficina de información sobre asuntos europeos (EuropeAid) dependente da devandita institución. Na actualidade son catro os alumnos egresados do título gozan desta bolsa que volve ofertarse para o próximo curso (o convenio de renovación está pendente de firma ao día de hoxe).

Este convenio pode servir de exemplo de que os egresados do título alcanzan os resultados de aprendizaxe establecidos e son requiridos desde institucións públicas para desempeñar tarefas acordes coa formación recibida.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria

Non existen prácticas externas nesta titulación.

- **Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).**

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

De acordo co PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de Procesos da Facultade sobre a asignación de Traballos Fin de Grao [TFG]/Traballos Fin de Mestrado [TFM]: O centro organizará e xestionará os traballos fin de grao e fin de mestrado do alumnado garantindo a súa calidade, o recoñecemento académico e o seu aproveitamento. A definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG e TFM realizarase conforme a normativa vixente na universidade e a normativa específica da facultade.

Cada centro deberá designar un/ha coordinador/a de TFG e TFM único ou por titulación, e unha comisión encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento destas materias. Esta comisión será única ou por titulación, segundo determine o centro. Poderase asignar este cometido a algunha das xa existentes no centro, debendo en todo caso formar parte da mesma o/a coordinador/a de TFG ou TFM. No caso dos TFG, se as funcións non están delegadas na comisión de titulación, recoméndase unha por centro, agás que as titulacións da facultade teñan características moi diferentes no que se refire ao TFG. No caso dos TFM, recoméndase que a comisión de TFM sexa a propia comisión do título .

Os TFG e TFM deberán ter un/ha titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo e que será ordinariamente persoal docente e investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na propia titulación.

A asignación dos titores aos estudantes, a liña temática do traballo e a avaliación farase conforme ao que establece o regulamento do TFG/TFM do título.

A defensa do traballo requirirá o informe previo e preceptivo do/a titor/a e o alumnado depositará os TFG/TFM no centro, de acordo coa normativa propia e coa guía docente da materia.

A cualificación será pública e trasladarase, unha vez que sexa definitiva, ao expediente do alumnado.

Anualmente, a comisión de título, á vista das propostas da comisión con competencias en TFG/TFM, das incidencias presentadas a través do proceso PS-05 Xestión das incidencias (SQR), dos resultados da materia e de calquera outra información que se considere relevante (enquisas de satisfacción, recomendacións de procesos de verificación, seguimento, modificación e acreditación...) propondrá os cambios necesarios para a programación da materia para o seguinte curso. A revisión documentarase no marco do proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas. Durante os anos 2018 e 2019 defendéronse os seguintes TFG, clasificados por área de coñecemento:

Área de coñecemento	2018	2019
Dereito Romano	1	0
Dereito Eclesiástico do Estado	0	0
Dereito Administrativo	47	30
Dereito Internacional Público e Relacions Internacionais	19	10
Dereito Mercantil	22	9
Dereito Penal	30	16
Dereito Procesual	57	71
Dereito Constitucional	49	37
Dereito Civil	42	38
Dereito Financeiro e Tributario	35	30
Filosofía do Dereito	16	18
Dereito do Traballo e da Seguridade Social	44	29
Dereito Internacional Privado	19	16
Historia do Dereito y das Instituciones	10	1
TOTAL	391	305

En concreto, durante o curso 2018-2019 defendéronse un total de 137 Traballos de Fin de Grao, 15 ante Tribunal e 122 ante titor. O Regulamento de TFG da Facultade

(<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/dereito/descargas/Regulamento-TFG-Dereito.pdf>)

dispón, no seu artigo 11, que hai dúas modalidades de presentación: perante Tribunal (cualificación máxima un 10) o perante o titor/a do TFG (cualificación máxima 8). Os datos demostran que a modalidade preferida polo alumnado (por case un 90%) é a presentación ante titor/a.

Grao en Criminoloxía

Tendo en conta que o Grao comenzo a impartirse no curso 2018-2019, aínda non hai datos de defensa de TFG.

Máster en Avogacía

A materia de “Traballo Fin de Máster”, encadrada no segundo ano do Máster, é tutorizada por diferentes equipos (como mínimo, tantos como ordes xurisdicionais nos que se elaboren traballos), procurando sempre que o peso da titoría recaia conxuntamente, para cada traballo, nun/a profesor/a universitario/a e nun/a avogado/a. Para facilitar as tarefas do profesorado universitario e profesional encargado de tutorizar o TFM, a Comisión Académica e a coordinación estableceron normas orientativas sobre os contidos e obxectivos básicos da materia, entrega de traballos e defensa pública, calendario de titorías, etc. Tamén se elaboraron instrucións dirixidas fundamentalmente ao alumnado sobre a maneira de elaborar o traballo e acerca das características propias do acto de defensa do mesmo; formularios de solicitude de defensa do TFM, etc.. Todas estas normativas, instrucións e orientacións permiten. Á súa vez, aos diferentes tribunais de avaliación coñecer os contidos das orientacións emanadas dos titores sobre temas, enfoques, contidos, metodoloxías e bibliografía a empregar polos estudantes. Cada curso académico, os integrantes de cada equipo de titoría reúnen coa coordinación para analizar o calendario académico da materia, o rol para desempeñar polos equipos de titoría, as características da parte académica e profesional do TFM, etc. Tamén, cada curso académico, a coordinación reúnese cos Presidentes de cada Tribunal de TFM para analizar o papel para desempeñar polos diferentes membros de cada Tribunal no acto de defensa e avaliación do TFM. Todo este labor de coordinación derivou nunha actuación máis homoxénea dos diferentes equipos de titoría e dos tribunais do TFM.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

Un perfil representativo do alumno que abandona o máster sen lograr a súa titulación é aquel que cursa e supera normalmente as súas materias, pero non defende o seu TFM durante o primeiro ano, nin tampouco durante o segundo ano. Con alta probabilidade, non chega a matricularse no terceiro ano.

Unha vez superadas as materias presenciais, o alumno que non defendeu o seu TFM reduce a súa condición de estudante a unha actividade marxinal do seu quefacer. Con moita frecuencia, concéntrase noutras actividades laborais ou profesionais. Se temos en conta que a gran maioría non reside na propia cidade onde se imparte o máster, o afastamento emocional do alumno é crecente. O resultado é que un bo número destes alumnos non conclúe os seus estudos de máster

O tempo de duración media dos estudos (1.33 anos, no último curso), que supón unha redución no tempo respecto a cursos anteriores (1.59 anos, no curso 2017(2018), é indicativo de que unha parte significativa dos estudantes non conclúe o máster nun curso académico debido a que non conseguen presentar o seu TFM.

As razóns diso son variadas:

- Por unha banda, a moitos alumnos resúltalles difícil manter unha disciplina de traballo desde o inicio do curso para realizar o seu TFM, de maneira que non chegan a tempo. É rechamante o comportamento desigual que manifestan os estudantes estranxeiros fronte aos nacionais. O regreso aos seus países de orixe ao termo do curso representa un estímulo suficiente para que os alumnos procedentes de países extracomunitarios defendan os seus TFM na convocatoria de xullo, nunha proporción superior aos nacionais.
- Outra circunstancia para ter en conta son os prazos que fixa o calendario académico da USC para a defensa dos TFM. A diferenza temporal para realizar o depósito entre a convocatoria de xullo e a de setembro é de apenas tres semanas. Péchase o prazo o 31 de xullo, o cal inhabilita ao mes de agosto para poder concluír os seus traballos. Con gran frecuencia, o alumno que se topa con algunha dificultade para redactar a súa TFM antes do verán acaba defendéndoo na convocatoria de febreiro.

O claustro docente é consciente desta situación e tratou de revertela a través de diversas estratexias:

- En primeiro lugar realizando un traballo activo de coordinación para adiantar os procesos de asignación de titores ás primeiras semanas do curso académico. E establecendo un réxime de titorías particularmente intenso durante o primeiro trimestre para canalizar o traballo do alumno.
- Fixando un cronograma detallado de entrega das distintas partes de que consta o TFM

- As reunións periódicas do coordinador cos alumnos ao longo do curso teñen ao TFM como protagonista recorrente.
- A acción propia dos titores

Estas accións tiveron resultados desiguais no últimos tres cursos. Pasouse de defender 22 TFM (no curso 2016/17), 31 TFM (no curso 2017/18), a 19 TFM durante este curso.

Non confiamos en poder seguir mellorando os resultados no curso actual dada a presenza dun número significativo de alumnos asiáticos que previsiblemente obterán un nivel de desempeño inferior á media.

A parte desta circunstancia conxuntural hai factores de organización da docencia que poderían facilitar unha melloría estable dos resultados. Un cambio no calendario académico da USC, fixando o mes de setembro (e non o 31 de xullo como na actualidade) como límite temporal para o depósito dos TFM que se presenten á convocatoria de setembro sen dúbida favorecería que un número superior de alumnos puidesen obter o seu título durante a primeira matrícula.

En todo caso, cabe destacar que as medidas adoptadas para favorecer a lectura dos traballos de fin de máster durante o curso académico correspondente parecen estar a lograr resultados positivos. Observarase atentamente a súa evolución para adoptar as medidas necesarias.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria

Os Traballos Fin de Máster defendidos no curso 2018/2019 foron 4, dos cales un recibiu a cualificación de suspenso, facendo un total de 3 TFM superados no curso examinado. O reducido número de TFMs presentados e defendidos débese as dificultades que atopan os alumnos ao ter que realizar un primeiro traballo de investigación de 24 créditos acorde ó carácter de Máster de investigación que posúe o título, concebido como un primeiro paso na carreira académica previo á matriculación na etapa de doutoramento.

Compre neste apartado reforzalas vías de comunicación entre titores e alumnos, para que se faga un maior seguimento dos tutelados. Neste sentido, para corrixir esta eiva, dende o curso 2018/2019 adiantouse a asignación dos tutores de TFM a finais do mes de outubro/principios de novembro.

O Máster non prevé a realización de prácticas externas, aínda que no curso académico 2018/2019, que non é obxecto de avaliación, unha alumna (García Coego, María Montserrat) solicitou a realización de prácticas extracurriculares no Consello Social subscribíndose o oportuno acordo con esta institución

• Resultados da aprendizaxe nas materias do título

Grao en Dereito

Taxa de éxito (relación créditos superados de los presentados)

En comparación co informe anterior, mantense as porcentaxes en case todas as materias, suben sensible ente en outras (G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, que pasa do 46,32%, no curso 2017/2018 ó 51,94, no curso 2018/2019; G3161105 - Teoría do Dereito, que pasa do 75,15, no curso 2017/2018 ó 86,32 no 2018/2019; G3161108 - Economía Política II - Facenda Pública, que pasa do 84,44%, no curso 2017/2018 ó 91,76%, no curso 2018/2019; G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 67,19%, no curso 2017/2018, a un 77,87%, no 2018/2019; G3161202 - Institucións e Dereito da Unión Europea, caso especialmente rechamante, posto que pasa dun 77,71%, no curso 2017/2018 a un 93,91%, no 2018/2019; G3161222 - Dereito Constitucional II - Os Dereitos e as Liberdades e a súa Protección, pasa dun 80,19% , no 2017/2018 a un 92,18%, no 2018/2019; G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, pasa dun 78,31%, a un 90,40%;

E baixan as porcentaxes noutras (G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa do 57,98%, no curso 2017/2018 ó 49,80%, no curso 2018/2019; G3161121 - Introducción ao Dereito Civil e Dereito da Persoa, que

pasa do 83,70%, no curso 2017/2018, ó 72,49%, no 2018/2019; G3161227 - Dereitos de Contratos, pasa dun 87,63%, no curso 2017/2018 a un 77,27%, no 2018/2019).

En resumo, polo que respecta á taxa de éxito, mantendo as porcentaxes a maior parte de materias do Grao en Dereito, temos que son moitas mais as que suben a porcentaxe que as que o baixan, o que demostra a mellora global. Con todo, cumpre valorar as causas que provocan a diminución da porcentaxe, entres as que se atopan os distintos graos de exigencia en función do profesorado responsable da materia.

Taxa de rendemento (relación entre créditos superados e os créditos matriculados).

A porcentaxe sube notablemente nas seguintes materias: G3161105 - Teoría do Dereito, que pasa dun 66,84%, no curso 2017/2018 a un 80,39%, no 2018/2019; G3161108 - Economía Política II - Facenda Pública, pasa dun 76,77%, no 2017/2018 a un 83,08%, no 2018/2019; G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 57,24% a un 68,54%; G3161202 - Institucións e Dereito da Unión Europea, pasa dun 63,55% a un 80,43%; G3161222 - Dereito Constitucional II - Os Dereitos e as Liberdades e a súa Protección, pasa dun 71,55% a un 82,50%; G3161424 - Dereito Administrativo III - Garantías do Administrado, pasa dun 79,55% a un 89,08%; G3161445 - Historia do Pensamentos Xurídico, que pasa dun 75,00% a un 95,00%;

Baixa noutras: G3161121 - Introducción ao Dereito Civil e Dereito da Persoa (dun 76,61%, no curso 2017/2018 a un 68,16%, no curso 2018/2019; G3161329 - Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Orde Socioeconómica e contra a Comunidade, que pasa dun 81,25% a un 66,48%; G3161450 - Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Inglesa), pasa dun 100,00% a un 86,67%; G3161454 - Medicina Legal, pasa dun 82,93% a un 93,33%; G3161PRT01 - Prácticas extracurriculares, pasa dun 84,92% a un 59,86%; OPTGINT006 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio, pasan dun 100,00% a un 76,92%.

A lectura global é positiva, aínda que hai que valorar as causas que provocan a diminución da porcentaxe, entres as que se atopan os distintos graos de exigencia en función do profesorado responsable da materia.

Taxa de avaliación

As porcentaxes do curso 2018/2019 son moi parecidas ás do curso anterior. Cumpre salientar casos nos que sube notablemente (G3161445 - Historia do Pensamentos Xurídico, pasa dun 75,00% no curso 2017/2018 a un 100,00%, no 2018/2019; G3161454 - Medicina Legal, pasa dun 85,37% a un 95,00%.

E baixa ostensiblemente nas materias: G3161329 - Dereito Penal, parte especial - Delitos contra a Orde Socioeconómica e contra a Comunidade, que pasa dun 95,14% a un 75,98%; G3161423 - Dereito Procesual Civil I, que pasa dun 91,78% a un 81,48%; G3161450 - Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Inglesa), que pasa dun 100,00% a un 86,67%; OPTGINT006 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio, pasa dun 100,00% a un 76,92%.

Taxa de graduación

No curso 2018/2019 produciuse unha baixada, certo que escasa, con respecto ó curso 2017/2018: pasamos dun 62,86% a un 58,62%. Con todo, continua a ser unha taxa baixa cuxos motivos é preciso analizar e que ten relación directa coas taxas de éxito, rendemento e avaliación de tres materias que teñen porcentaxes máis baixas con moita diferenza con respecto ó resto das materias do Grao en dereito. En concreto, trátase das materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais, G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas e G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito. No seguinte recadro se reflicten as taxas das tres materias.

	Taxa de éxito	Taxa de rendemento	Taxa e avaliación
G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual - Dereitos Reais	51,94%	30,04%	57,85%
G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas	49,80%	27,99%	56,21%
G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito	67,16%	52,09%	77,57%

Trátase de porcentaxes obxectivamente baixos e tamén relativamente, isto é, en comparación cos do resto das

materias do Grao en Dereito. Cumpre unha reflexión sobre a situación das devanditas materias.

Dobre itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

En referencia aos indicadores xa dispoñibles aprécianse algúns datos que deben ser obxecto de seguimento especial, xa que de continuar a tendencia haberá que plantexar accións de mellora ao respecto. Nesta análise centrarémonos nas materias propias do Grao en Dereito. Hai que ter en conta que non nos atopamos cun título específico senón cun dobre itinerario e que, ao rematar os seus estudos, o alumnado do mesmo terá dous títulos de grao: Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Taxa de rendemento

É preciso salientar, por unha banda, e produce satisfacción dar conta da subida da mesma en dúas materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual -Dereitos Reais, que pasa dun 55.56% no curso 2017/2018 a un 80% no 2018/2019 e G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 12.50% no curso 2017/2018 a un 37.50% no 2018/2019.

Pero é preciso dar conta, e a nosa reflexión debe deterse neste aspecto, a notable baixada desta taxa en outras materias: en concreto:

- G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa dun 93.33% no curso 2017/2018 a un 33.33% no curso 2018/2019.
- G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 100% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, que pasa dun 87.50% no curso 2017/2018 a un 50% no 2018/2019.
- G3161227 - Dereitos de Contratos, que pasa dun 88.89% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161228 - Dereito Administrativo I - Instrumentos da Actividade Administrativa, que pasa dun 96.55% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.

Taxa de éxito

Temos que dar conta tamén da elevación da taxa de éxito nas materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual -Dereitos Reais, que pasa dun 83.33% no curso 2017/2018 a un 100% no 2018/2019 e G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 33.33% no curso 2017/2018 a un 50% no 2018/2019. Pero, ó igual que pasaba coa taxa de rendemento, temos que dar conta da baixada da taxa en dúas materias: G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa dun 93.33% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019 e G3161228 - Dereito Administrativo I - Instrumentos da Actividade Administrativa, que pasa dun 96.55% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.

Taxa de Avaliación

De novo, hai que felicitarase pola subida da taxa nas materias G3161102 - Dereito Romano - Introducción Histórica e Procesual -Dereitos Reais, que pasa dun 66.67% no curso 2017/2018 a un 80% no 2018/2019 e G3161107 - Dereito Romano - Sucesión Hereditaria e Obrigas, que pasa dun 37.50% no curso 2017/2018 a un 75% no 2018/2019.

Pero tamén é preciso dar conta, e de novo merece una reflexión, a acusada baixada desta taxa nas seguintes materias:

- G3161104 - Fundamentos Históricos do Dereito, que pasa dun 100% no curso 2017/2018 a un 66.67% no curso 2018/2019.
- G3161122 - Dereitos Reais, que pasa dun 100% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161202 - Institucións e Dereito da Unión Europea, que pasa dun 93.33%, no curso 2017/2018 a un 63.67% no curso 2018/2019.
- G3161223 - Dereito de Obrigacións e Responsabilidade Civil, que pasa dun 87.50% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.
- G3161227 - Dereitos de Contratos, que pasa dun 88.89% no curso 2017/2018 a un 50% no curso 2018/2019.

Grao en Criminoloxía

Taxa de éxito (relación créditos superados dos presentados)

No curso 2018/2019 a materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 100%; G3191102 - Fundamentos de informática un 89,80%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 100%; G3191104 – Introducción á socioloxía un 100%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 86,96%; G3191106 – Economía da actividade delitiva un 95,74%; G3191107 – Introducción á criminoloxía un 91,67%; G3191108 – Introducción á psicoloxía un 97,83%; G3191109 – Introducción ao dereito público e ao sistema de xustiza penal un 87,23% e G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 94%. Sendo o global da taxa de éxito dun 95,77% IN35G.

Taxa de rendemento (relación entre créditos superados e os créditos matriculados)

No curso 2018/2019 a materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 100%; G3191102 - Fundamentos de informática un 88%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 96%; G3191104 – Introducción á socioloxía un 100%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 80%; G3191106 – Economía da actividade delitiva un 90%; G3191107 – Introducción á criminoloxía un 88%; G3191108 – Introducción á psicoloxía un 93,75%; G3191109 – Introducción ao dereito público e ao sistema de xustiza penal un 82% e G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 94%. Sendo o global da taxa de rendemento dun 86,19% IN34G.

Taxa de avaliación

No curso 2018/2019 a materia G3191101 – Historia política e social contemporánea acada un 100%; G3191102 - Fundamentos de informática un 98%; G3191103 – Inglés para criminólogos un 96%; G3191104 – Introducción á socioloxía un 100%; G3191105 – Dereitos constitucionais e liberdades públicas un 92%; G3191106 – Economía da actividade delitiva un 94%; G3191107 – Introducción á criminoloxía un 96%; G3191108 – Introducción á psicoloxía un 95,83%; G3191109 – Introducción ao dereito público e ao sistema de xustiza penal un 94% e G3191110 – Investigación científica en criminoloxía un 100%. Sendo o global da taxa de avaliación dun 90% IN36G.

Como vemos, as taxas de éxito, rendemento e avaliación amosan que se cumpren os obxectivos de aprendizaxe en tódalas materias do título.

Máster en Avogacía

Taxa de rendemento

Mostra unha evolución practicamente estable, pasándose do 99.60% no curso 2012/2013 ao 98.49% no curso 2018/2019 (98.27%, 99.34% e 98.54% nos tres cursos anteriores), por tanto, moi próxima ao 100% e con porcentaxes moi similares nos campus de Santiago e de Lugo. Ha de terse en conta que sendo xa moi elevados as porcentaxes dos que se parte, as posibilidades de mellora son moi reducidas, polo que a evolución considérase satisfactoria atendendo á diferenza do número de alumnos que se ten en conta para a medición desta taxa (51 na primeira edición e 132 no curso 2018-2019; 141, 149 e 128 nos tres cursos anteriores). Dita taxa é superior á media da USC (89.83% no curso 2018/2019).

Taxa de éxito

Mantense tamén estable (entre o 100% e o 95.95%) pese ao incremento do número de alumnos nas respectivas edicións obxecto de avaliación, pasándose do 100% da primeira edición ao 99.90% no curso 2018/2019. As porcentaxes son tamén moi similares nas dúas sedes da titulación. Dita taxa resulta superior á media da USC (98.80% no curso 2018/2019). Pola súa banda, o Informe sobre a taxa de éxito en cada unha das materias do plan de estudos reflicte que dita taxa é tamén moi elevada, practicamente dun 100% en todas as materias, sen que existan diferenzas significativas entre ambos os campus.

Taxa de avaliación

Mantense igualmente estable pese ao incremento do número de alumnos, sendo dun 98.59% no curso 2018/2019 (98.32%, 99.38%, 99.86% nos tres cursos anteriores), novamente por encima da media da USC (90.93% no curso 2018/2019) e moi similar nos dous campus onde se imparte o Máster. Tamén se evidencia que as cualificacións que obtén nas diferentes materias o alumnado do campus de Lugo son lixeiramente superiores ás do alumnado do campus de Santiago, o que pode atopar unha das súas causas xustificativas no menor número de alumnos por grupo que se dá no campus de Lugo e na maior proximidade alumno-docente. Dita diferenza de cualificacións foise reducindo nos últimos anos, como consecuencia das accións de mellora emprendidas desde a coordinación. d) A taxa de abandono é moi inferior á establecida na Memoria de Verificación do Título (20%), sendo practicamente inexistente nos últimos anos, así no curso 2018/2019 foi dun 1.45% e no curso 2017/2018 dun 0%, sendo lixeiramente inferior en Santiago que en Lugo. Esta taxa tamén é inferior á media da USC (6.56%). e) A taxa de gradación foi do 98.04% no curso 2014/2015 (primeiro no que se podía realizar este cálculo), superando de forma ampla a previsión da Memoria de Verificación do Título que era do 80%, mentres que no curso 2018/2019 foi dun 97.10% (98.77% en 2017/2018, 97.83% en 2016/2017 e 91.11% en 2015/2016), mellorando a media da USC que é dun 82.02% no curso 2018/2019.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

Nos curso 2018/19 mantívose a procedencia plural do alumnado atendendo ás súas titulacións de orixe. En termos xerais diminuíu o alumnado que procede das titulacións de Dereito e Ciencias Políticas e aumentou o que corresponde a titulacións de Ciencias Sociais e Humanidades. A distinta procedencia formativa dos alumnos que cursan o máster non condiciona o resultado dos seus estudos. As taxas de éxito e rendemento non reflicten un comportamento diferenciado entre os graduados en Dereito e Políticas e o resto de titulacións. De feito, as máximas cualificacións (concesión da Matrícula de Honra ao TFM e do premio extraordinario) recaeron en alumnos con titulacións diferentes, de forma indistinta.

A análise dos resultados do título evidencia tamén que os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo. O éxito en materias que agrupan ao conxunto das competencias abordadas no título, como o TFM, os indicadores de rendemento (taxas de éxito, avaliación, gradación, eficiencia, etc.) confirman que o Máster en Estudos Internacionais cumpre cos obxectivos establecidos no programa formativo e aseguran que os estudantes adquiriron as competencias previstas e que os resultados son coherentes co perfil de egreso. Serven como evidencia desta afirmación os resultados alcanzados para o conxunto do título nos últimos tres cursos:

	2016/2017	2017/2018	2018/2019
Tasa de rendemento	80.94	84.51	80.37
Tasa de éxito	96.31	97.28	95.76
Tasa de avaliación	84.05	86.68	83.93

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

No tocante aos resultados do curso 2018/2019, a taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios no que se matricularon) descendeu ao 31,76%, continuando a súa tendencia á baixa e atopándose por baixo da media da USC (89%). Tamén, e polos motivos antes indicados, descendeu a taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) ata un 91,06% , situándose lixeiramente por baixo dos niveis de edicións anteriores; así como a taxa de avaliación (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados), que se sitúa no curso 2018/2019 nun 34,88%. En lóxica coherencia con tales indicadores, a taxa de gradación do Máster (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico adicional e o seu cohorte de ingreso) situouse nun modesto 26,67% no curso 2018/2019 (a media da USC atópase no 82,02%), sendo a taxa de abandono do 53,33% (por encima da media da USC que é do 6,56%).

En vista de tales resultados, como acción de mellora propónse realizar novos cursos de formación do profesorado tendentes a conseguir unha maior fidelización e compromiso dos alumnos que repercuta nunha maior implicación na conclusión do Máster. Espérase tamén que o adiamento na asignación do tutor e o seguimento dende o primeiro cuatrimestre do progreso do alumno contribúa a mellorar estes resultados.

- **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.**

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito/Relacións laborais e Recursos Humanos

A propósito dos procedementos de avaliación, unha reflexión individualizada merecese a porcentaxe de participación nestes procedementos, tal e como se desprende do INF. 13 informe de enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (curso 2018/2019) ou do INF. 14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (2018/2019). Mentres que no caso dos alumnos, acádase unha participación do 34.92% (24,3% participación de homes e 75,97 de mulleres), porcentaxe que é boa se a analizamos en comparación con cursos anteriores, pero que aínda ten que mellorar. No dos docentes, a porcentaxe de participación é dun 35,42%. As porcentaxes teñen mellorado con carácter xeral, malia a que o sistema de enquisa telemática continua a ser cuestionada entre os grupos de interese.

A valoración global do alumnado coa docencia recibida é dun 3.81, sobre 5, mentres que a do profesorado é dun 4.33. Cumpre a mellora da primeira sen descoidar a segunda.

O alumnado do Grao en Dereito quéixase en comentarios da escasa docencia práctica. Ó respecto é preciso ter en conta que a docencia expositiva mestúrase ó longo do curso con docencia interactiva, práctica para o alumnado. E, por outra banda, as competencias prácticas ás que se refire o alumnado se adquiren no momento da especialización, a través dos másteres, como pode ser o de avogacía.

No caso do Dobre itinerario as críticas do alumnado resúmense na dificultade de compaxinar os horarios en ámbalas titulacións. Neste sentido é preciso salientar, como xa dixemos, que non nos atopamos ante unha soa titulación, senón ante dúas titulacións de Grao, que se cursan en 6 anos (en lugar de 4) con 360 créditos ECTS en lugar de 480. Isto require inevitablemente un maior esforzo de coordinación por parte das dúas titulacións implicadas, coordinación que pasa por conceder a liberdade total de elección de grupo de docencia e tamén coa necesaria coordinación no momento de fixar as datas de exames. Sería moito mais doada esta labor de coordinación se o alumnado do Dobre itinerario formase un grupo propio de docencia, algo que a pesares de ser demandado por ámbalas dúas titulacións, négase tanto polo goberno da Universidade como pola Xunta de Galicia, ó implicar un aumento de gasto, tanto en persoal docente, como en medios. Pero o alumnado do Dobre itinerario tamén ten que ser consciente de que ó concentrar en 6 anos e 360 créditos ámbalas dúas titulacións, o esforzo persoal que se lles exige ten que ser maior que o que se exige a un alumno/a que estea cursando só unha desas titulacións.

Polo que se refire aos egresados, estes móstranse moi satisfeitos coa formación teórica recibida na titulación (3.79 sobre 5). A valoración da formación práctica baixa ata o 1.93, sobre 5 (sobre este punto remitímonos ó que dixemos supra). En todo caso, a hora de valorar indica o grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala, o alumnado outorga un 3.21.

Por último, é salientable, e merece unha reflexión, a valoración do alumnado á atención recibida ó presentar algunha reclamación ante o Decanato do centro, cunha cualificación dun 2.38.

A valoración global dos egresados é dun 3.04 sobre 5.

A satisfacción derivada dos programas de mobilidade así como de realización de prácticas externas é alta. Así, no INF 04. Informe da ENQUISA DE SATISFACCIÓN DE MOBILIDADE SAÍNTE (18/19) recóllese unha satisfacción dos nosos estudantes saíntes dun 3.94 sobre 5 (a mellor dos catro últimos cursos académicos) que, sendo boa, é preciso mellorar. E, polo que se refire ás novas cuestións formuladas no curso 2018/2019 (¿Cómo valoras a información previa dispoñible mediante a web da USC?, ¿Cómo valoras a información previa dispoñible na web da universidade escollida?, ¿Cómo valoras a preparación lingüística proporcionada pola USC? ¿En que medida chegaches a sentirte integrado polos/as teus/túas compañeiros/as?, ¿Cómo consideras a achega aos teus gastos que supuxo a bolsa ou

axuda económica recibida durante a estancia? Cómo valoras a utilidade do curso do idioma local realizado na universidade de acollida? ¿Cómo valoras a calidade do profesorado na universidade de acollida? ¿Cómo valoras as posibilidades de validación das materias cursadas na universidade de acollida? ¿Cómo valoras as xornadas de acollida realizadas pola universidade de acollida?: A media do Grao en Dereito é superior que a media dos Graos da USC (3.54, fronte a 3.18; 3.62-3.46; 3.18-2.62, etc.) menos na resposta á pregunta ¿Cómo valoras a información previa obtida sobre as validacións?, no que acádase unha media de 2.69 fronte a un 2.92 dos Graos da USC, o al nos leva a concluir a necesidade de mellorar a información sobre este aspecto en concreto.

No caso das prácticas externas, estas son excelentemente valoradas tanto polos estudantes (4.44 -mellorando o 4.10 do curso anterior-, vid INF 06: Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas), como polos titores profesionais (4.19, vid INF-07: Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas 2018/2019).

Finalmente destacamos tamén o grao de satisfacción xeral dos nosos egresados coa titulación (3.04, vid INF-09 -aínda que hai que ter en conta que o escaso número de cuestionarios cubertos, 14, fan escasamente representativa esta cifra), do alumnado coa docencia recibida (3.81, vid INF13) e do propio profesorado coa docencia impartida (4.33, vid INF14). Sen dúbida, o dato máis significativo con respecto aos egresados o arroxa o IN22G-PC-09. *Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións.* A porcentaxe situouse no 57,97% fronte ao 48.75%, do curso 2016/2017. Este dato reflicte a vontade dos nosos estudantes de complementar a súa formación xurídica teórica coa práctica.

O grao de satisfacción dos implicados na realización das prácticas é moi alto. Así, a valoración media da satisfacción dos estudantes coas prácticas externas é dun 4,44 sobre 5 (IN19G), subindo lixeiramente con respecto ó 4.10 do curso anterior, e a dos titores profesionais é dun 4,19 sobre 5 (IN20G).

O IN23G (Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible) sitúase no 2,81 sobre 5, o que pode considerarse un mal dato, ao tempo que no INF22 Informe da enquisa de satisfacción de egresados, P2. Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada? Acada un 3,27 sobre 5, cando a media dos Graos da USC é de 3,04.

Polo que respecta ó PDI, destaca o grao de satisfacción coa docencia impartida, que se sitúa nun 4.33 sobre 5 no Grao en Dereito, e un 4.20 no Dobre Itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos (vid. INF14).

Por outra banda, precisa dunha reflexión a baixada drástica na porcentaxe de PDI interesado en participar nos programas de formación, que foi do 49% no curso 2017/2018 e baixou ó 21,21% no 2018/2019): vid. 5025_16-17. A satisfacción do PDI coas actividades formativas (5025 INF.10) a satisfacción xeral do curso é dun 4.29 sobre 5. A satisfacción xeral do PDI coa titulación acada un 4.11.

Por último, outro dos grupos de interese cuxo análise resulta interesante é o dos titores de prácticas externas, por estar vinculados directamente como potenciais empregadores dos nosos titulados. A súa satisfacción coas prácticas externas alcanza o 4.50. Unha selección de titores de prácticas externas están precisamente integrados no Comité consultivo do Grao en Dereito.

Polo que fai referencia ó PAS, o Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos no curso 2017/2018 revela que a media de satisfacción do PAS do Centro co seu traballo é dun 4.25, considerando que as súas funcións e responsabilidades están ben definidas (4.25), que o sistema de repartición de cargas de traballo é axeitado (3.25), no que se destaca o sentimento de pertenza a un grupo de traballo (4.50) e a facilidade para expresar as súas opinións no lugar de traballo (4.25 sobre 5.0).

A participación nos programas de formación é ascendente, pasando dun 54% no curso 2017/2018 a un 58,33% no curso 2018/2019 e a satisfacción media do PAS coas actividades formativas é dun 7.84 sobre 10. Asemade, a satisfacción xeral do PAS co seu traballo é dun 3.78 sobre 5, baixando lixeiramente con respecto á do curso anterior (que foi dun 3.88).

En canto ós datos de rendemento, hai que dicir que a duración media dos estudos sitúase no curso 2018-2019, no 5.05 anos (IN38G), por riba da media en Ciencias sociais e Xurídicas e da Universidade e, ademáis, ascendeu a duración progresivamente dende o curso 2013-2014:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total	4,00	4,42	4,73	4,81	5,01	5,05

Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	4,16	4,41	4,57	4,70	4,67	4,73
Media USC	4,19	4,46	4,82	4,97	4,98	5,06

A taxa de abandono durante o primeiro curso descendeu no curso 2018-2019 con respecto ó curso anterior: 12.18 fronte ó 16.97; aínda así, cumpre adoptalas medidas necesarias para continuar co descenso: ING40-G

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total (%)	9,94	12,36	9,14	13,79	16,97	12,18
Media Área de Ciencias Sociais e Xurídicas	13,03	16,14	15,34	13,85	17,62	15,75
Media USC	14,42	15,08	14,98	14,52	16,02	15,88

Pola súa banda, a taxa de abandono xeral (ING41-G) subiu con respecto ó curso anterior: 21.26 fronte ó 18.29, pero sitúase por debaixo da media de Ciencias Sociais e Xurídicas e da Universidade.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Na titulación de Grao en Criminoloxía, a media de alumnos por grupo de docencia expositiva é de 48.32 (IN55G), podendo afirmarse que o profesorado é suficiente para desenvolver a súas funcións e atender aos estudantes. En consecuencia, as cifras de alumnos manexadas na Memoria referidas a docencia expositiva, interactiva e titorías son, de momento, perfectamente viabes.

Máster en Avogacía

A necesidade de dispoñer dun amplo persoal de profesorado (aproximadamente, só para o “curso de formación” e por cada campus, un mínimo de 20 profesores universitarios e entre 40-50 profesionais externos), favorece un maior coñecemento e familiarización do alumnado co mundo profesional ao que se van a incorporar no futuro; pero xera, á súa vez, maiores dificultades de coordinación e de planificación docente, que se han de liquidar cun maior esforzo da coordinación do Máster, incrementando o número de reunións cos docentes.

Respecto ao profesorado universitario que imparte docencia no campus de Lugo, a USC só dispón na devandita sede de catro profesores pertencentes a catro das áreas de coñecemento con responsabilidade docente na titulación, sendo necesario desprazar a profesorado con residencia en Santiago para impartir as restantes materias, nun número aproximado de entre 15-20 docentes/curso académico. Esta situación xera certos inconvenientes que non se producen no campus de Santiago, como unha maior dificultade de coordinación co profesorado externo (situado todo en Lugo), un labor de titoría realizada “a distancia”, gastos de desprazamento, que non se computen as horas investidas nos desprazamentos, a tendencia á acumulación das horas nun mesmo día ou en días seguidos, etc. A algúns destes inconvenientes deuse solución por parte da coordinación do Máster, incentivando as reunións en liña tanto entre o profesorado universitario e o externo, como entre o profesorado universitario e o alumnado; pero outros presentan unha solución máis complexa ao depender a mesma de órganos externos ao Máster, como a mellora dos incentivos para impartir docencia fóra da sede en que o profesorado ten o seu posto de traballo, maiores compensacións ao esforzo adicional que conleva o desprazamento dunha cidade a outra, etc. Polo que se refire á recomendación efectuada pola ACSUG no Informe final de Seguimento 2017/2018, relativa a “tomar medidas para estabilizar profesorado académico na sede de Lugo”, consideramos que dita recomendación resulta imposible de cumprir para a USC, pois non existen no campus de Lugo titulacións que ofrezan carga docente suficiente para xustificar dispoñer de profesorado universitario en tódalas áreas xurídicas.

O Máster dispón tamén de colaboradores externos que se encargan do 60% da docencia do curso de formación (aproximadamente entre 40-50 profesionais en cada sede). Trátase, fundamentalmente, conforme ao convenio de colaboración asinado cos colexios profesionais de Santiago e de Lugo, de avogados/ as con ampla experiencia pertencentes a estas corporacións e doutros xuristas de recoñecido prestixio, cuxo currículo resumido pode consultarse na web da EPX de Santiago (conforme recomendou a ACSUG no Informe final de Seguimento 2017/2018). Trátase de profesionais cunha experiencia profesional moi superior aos tres anos esixidos pola normativa vixente. Este tipo de profesorado, de orientación máis práctica, achega os seus coñecementos e experiencia ao alumnado, transferindo a problemática xurídica cotiá ás aulas e poñendo en contacto aos alumnos co mundo profesional; de tal maneira que dispoñer deste profesorado externo tan especializado achega un valor engadido de gran importancia ao Máster, asegurándose que o alumnado recibe docencia, dentro de cada materia, dos expertos máis indicados en cada caso. Con todo, desde a perspectiva da coordinación, xera obviamente un esforzo adicional, ao que xa representa a coordinación do profesorado universitario. A ACSUG recoñeceu, tanto no Informe final de Avaliación para a Renovación da Acreditación (2016) como no Informe final de Seguimento 2017/2018, que “os profesores profesionais implicados demostran ampla experiencia no exercicio da avogacía”, “o

profesorado externo está integrado por profesionais de recoñecido prestixio”.

Pola súa banda, todos os títos (no campus de Santiago, aproximadamente entre 60-70 profesionais; algúns menos no campus de Lugo) encargados das catro materias de Prácticas Externas son profesionais que gozan de gran prestixio e ampla experiencia, que, do mesmo xeito que os colaboradores externos que imparten docencia no curso de formación, achegan os seus coñecementos e experiencia ao alumnado, transferíndolles a problemática xurídica real e cotiá, e poñéndolles en contacto co mundo profesional. A ACSUG no Informe final de Seguimento 2017/2018 considerou que o persoal encargado da tutorización da prácticas conta coa idoneidade pertinente.

O profesorado da materia Trabajo Fin de Máster intégrase en equipos de titorías de carácter mixto (universitario e profesional), posibilitando atender en óptimas condicións as peculiaridades desta materia, que presenta un dobre carácter, académico-investigador e profesional. Corrixíronse as dificultades por parte de determinado profesorado universitario para axustar a súa orientación á elaboración dun ditame polo alumnado e non dun traballo académico, como consecuencia das iniciativas emprendidas desde a coordinación consistentes en manter reunións individualizadas con cada equipo de titoría e elaborar guías e regras para orientar a este profesorado no labor específico que deben realizar co alumnado da materia. A ACSUG no Informe final de Seguimento 2017/2018 considerou que o persoal encargado da tutorización do TFM conta coa idoneidade pertinente

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

A pesar da redución experimentada no claustro docente durante o curso 2017/18, os 14 docentes que imparten o máster na actualidade acumulan 24 sexenios de investigación e 56 quinquenios de experiencia docente. O número de docentes doutores representa o 81,82% do total, e con sexenios, o 88,89% do PDI. A porcentaxe do PDI funcionario é do 63,64%. Esta ampla traxectoria docente e investigadora do claustro docente de profesores do máster foi valorada moi positivamente no Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación da ACSUG, mencionándose como dos seus principais puntos fortes, se non o mellor. A distribución das titorías dos TFM realízase de forma equitativa entre todos eles. Os profesores da área externa non dirixen Traballos de Fin de Máster. O profesorado móstrase satisfeito coa docencia impartida segundo reflicte o resultado medio ofrecido polas enquisas: 4,66 sobre 5. Atendendo ás valoracións rexistradas en anos anteriores, reflíctese unha tendencia de mellora.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

A maioría dos docentes do Máster son Doutores en Dereito ou Ciencias Económicas da USC cunha ampla experiencia docente e investigadora que avala perfectamente a consecución dos obxectivos propios do título avalada polo número de quinquenios e sexenios obtidos polo profesorado.

Para a impartición do Máster na súa nova modalidade virtual, como sinalamos xa, o cadro de persoal docente ha recibido cursos de capacitación e reciclaxe no uso de plataformas virtuais para impartir e avaliar esta modalidade docencia.

Como se indicou anteriormente, a implantación da modalidade virtual da docencia no curso 2017/2018, obrigou non só a adaptar o desenvolvemento das materias e a metodoloxía á súa nova contorna virtual, senón tamén aos docentes para formarse no manexo desta nova plataforma e nas técnicas e métodos de formación a distancia.

Para garantir a adecuada adaptación do persoal a esta nova modalidade de ensino o coordinador solicitou a colaboración do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe da USC (CETA) para a organización e impartición desde o ano 2017 dos correspondente cursos de formación docente. Tales cursos, como o de “Xestión e Uso didáctico do Campus Virtual para a formación en liña (iniciación)”, a “Plataforma eHabilis. Nivel 2” e “Introdución á plataforma eHabilis”, foron publicitados coa debida antelación e cursados pola totalidade dos docentes implicados.

En xeral, con respecto a tódalas titulacións:

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo é de 11.33 no Grao en Dereito, moi por riba dos 6.74 do Máster en Avogacía, 2.79 no Máster en Estudos Internacionais e 0.60 no Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria. Pola súa banda a media de alumnos por grupo de teoría, tendo en conta que o alumnado do Dobre itinerario Dereito/Relacións

Laborais e Recursos Humanos carece dun grupo propio polo que mestúrase co alumnado do Grao en Dereito é de 66,20 no Grao en Dereito, o que supón casi triplicar os 24.17 do Máster en Avogacía e os 24.53 do MEI e case multiplicar por 5 os 13.21 do MFIC. Polo que respecta ós grupos de interactivas, no Grao en Dereito xunto co Dobre Itinerario, polo que xa dixemos, e tendo en conta que cada grupo de docencia teórica divídese en dous para a docencia interactiva, a media foi de 35.17; o paradóxico é que, segundo os datos aportados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, no caso dos Másters, pouca diferenza hai con respecto á media dos grupos de docencia teórica: 20.76 no Máster en Avogacía, 23.64 no MEI e, o que resulta aínda mais paradóxico, no MFIC a media é aínda maior que no grupo de docencia teórica.

- **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.**

Grao en Dereito

Non temos datos concretos sobre a satisfacción do persoal académico en relación co seu contorno de traballo. Ca dimos conta de que o grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida: un 4.33 sobre 5.0, no Grao en Dereito e un 4.20 no Dobre Itinerario Dereito/Relacións laborais e recursos humanos.

Por outra banda, precisa dunha reflexión a baixada drástica na porcentaxe de PDI interesado en participar nos programas de formación, que foi do 49% no curso 2017/2018 e baixou ó 21,21% no 2018/2019): vid. 5025_16-17. A satisfacción do PDI coas actividades formativas (5025 INF.10) a satisfacción xeral do curso é dun 4.29 sobre 5. A satisfacción xeral do PDI coa titulación acadada un 4.11.

Por último, outro dos grupos de interese cuxo análise interesa é o dos titores de prácticas externas, por estar vinculados directamente como potenciais empregadores dos nosos titulados. Satisfacción coas prácticas externas alcanza o 4.50. Unha selección de titores de prácticas externas están precisamente integrados no Comité consultivo do Grao en Dereito.

Grao en Criminoloxía

Neste apartado debemos salienta o elevado índice de satisfacción do profesorado coa docencia impartida: un 4.33 sobre 5.0, no Grao en Criminoloxía IN47G.

Por outra banda, precisa dunha reflexión a baixa porcentaxe de PDI interesado en realizar as enquisas en relación coa docencia impartida, xa que só participou un 25.58%. Asemade, a satisfacción xeral do PAS co seu traballo é dun 3.78 sobre 5.

Máster en Avogacía

No informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, nos dezanove items relativos ao “apoio á docencia, aspectos académicos, alumnado” alcánzase unha nota media superior ao 4. Con todo, é necesario continuar coa acción de mellora tendente a incrementar o grao de participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción. No caso do profesorado rolda entre o 20% e o 40%.

A satisfacción global media do profesorado coas actividades formativas desenvolvidas mantívose practicamente estable durante os diferentes cursos académicos, oscilando nunha pinza que vai do 4.47 ao 4.29 sobre 5, o que evidencia un elevado grao de satisfacción tendo en conta ademais que a taxa de respostas á enquisa é elevada (entre un 46% e un 51%). Con todo, é preciso ter en conta que se trata de datos referidos ao Centro e non á titulación. Do Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida correspondente ao curso 2018-2019 tamén se extrae que o PDI está interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia, sendo devandito interese dun 4.38 sobre 5 en Santiago e dun 4.18 no campus de Lugo; o que evidencia un vivo interese do profesorado pola mellora constante da súa formación.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

O profesorado móstrase satisfeito coa docencia impartida segundo reflicte o resultado medio ofrecido polas enquisas: 4,66 sobre 5. Atendendo ás valoracións rexistradas en anos anteriores, reflictese unha tendencia de mellora. En canto á participación do profesorado nos sistemas de avaliación observouse unha notable melloría en relación con cursos anteriores. Se nos anteriores dous curso as porcentaxes de participación oscilaban entre un 47 e un 28%, no actual curso a porcentaxe foi de 53,85%. Nesta notable melloría tivo moito que ver as iniciativas adoptadas pola coordinación do título para incentivar a participación do profesorado nas enquisas.

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

De xeito similar o grao de satisfacción do personal docente coa docencia impartida sitúase nun 4.03. Sen embargo, a participación nas enquisas é un aspecto a mellorar, pois no caso dos alumnos sitúase nun 5%. Conveén polo tanto, incrementar aínda máis a difusión entre os matriculados e PDI a posta a disposición das encuestas e animalos a participar no proceso.

- **Formación do profesorado e mobilidade.**

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito e Relacións laboráis e Recursos Humanos

Precisa dunha reflexión a baixada drástica na porcentaxe de PDI interesado en participar nos programas de formación, que foi do 49% no curso 2017/2018 e baixou ó 21,21% no 2018/2019): vid. 5025_16-17. As explicación para esta baixada poden ser varias, quizáis a mais probable o progresivo envellecemento da plantilla de Profesorado, que fai que todo o persoal docente teña feitos xa os cursos de formación que se imparten no marco do Programa de Formación e Innovación Docente da USC.

O mesmo acontece en relación á mobilidade. Á marxe de outros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Oficina de Relacións Exteriores:

http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/erasmus/pdi_outgoing.html

Valoramos moi positivamente neste apartado o feito de que tal participación se realizara de xeito ininterrompido en todos os cursos académicos (vid I. 10 Porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título; pero tamén merece unha reflexión o feito de que o nivel de participación sexa tan baixo no Grao en Dereito: un 2,04%. Quizáis as excesivas obrigas docentes do profesorado e o número deficitario do mesmo, fagan moi difícil para o profesorado participar nun programa de intercambio, cando non hai compañeiros/as que poidan sustituílo nas súas tarefas docentes.

Grao en Criminoloxía

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), oportunidades de formación docente a través da celebración de diversos cursos. Algúns destes están especialmente enfocados aos docentes da Facultade (<http://www.usc.es/es/servizos/pfid/>). Merece destacar a existencia de 13 Grupos de

Innovación Docente na propia facultade (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/lisgruinodoc.html>), así como a organización por parte do Vicedecanato de Calidade e Infraestruturas do curso de inglés xurídico no marco do PFID, de grande éxito en todas as convocatorias e que nestes momentos está orientado á consecución dun nivel C1 de acordo co MCR de linguas. Este curso inclúese como acción de mellora de execución continua, sendo asumido o seu financiamento pola propia Facultade de Dereito.

Á marxe de outros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Oficina de Relacións Exteriores: http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/erasmus/pdi_outgoing.html.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

Con respecto á participación en programas de mobilidade docente, un 14,29 % dos docentes realizou unha estadia de mobilidade durante o pasado curso 2017/18 (11,76%no curso 2016/17), sendo tamén a porcentaxe máis elevada entre todos os títulos oficiais impartidos na Facultade de Dereito. Non se teñen datos deste curso académico. En todo caso, a opinión dos profesores é que non se realizan todas estancias no estranxeiro posibles dada a elevada carga docente que se asume, o cal disuade de realizar estas estadias que adoitan desenvolverse coincidindo co calendario lectivo.

- **Actividade investigadora.**

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

O profesorado que participa na impartición do Grao de Dereito conta coa cualificación docente e investigadora esixida, tanto o PDI con vinculación contractual como funcional. Como se mostra na documentación proporcionada, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título é do 93.51% no curso 2018/2019, fronte ao 44,83% do curso de implantación do Grao (2010/2011).

Grao en Criminoloxía

É especialmente salientable o dato de que os 48 profesores que impartiron docencia no curso obxecto de seguimento, sumen 64 sexenios e 111 quinquenios.

Máster en Avogacía

A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título mantense nunha pinza que oscila entre o 60% e o 80%, chegando no curso 2015/2016 mesmo ao 87.5%, o que constitúe unha evidencia da calidade e cualificación profesional do devandito profesorado. No curso 2018/2019 devandita porcentaxe foi do 77.42%. Pola súa banda, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total mantense practicamente estable, oscilando entre un 75% e un 85%, sendo no curso 2018/2019 dun 77.5%.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

Os 14 docentes que imparten o máster na actualidade acumulan 24 sexenios de investigación e 56 quinquenios de experiencia docente. O número de docentes doutores representa o 81,82% do total, e con sexenios, o 88,89% do PDI.

Master en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

A maioría dos docentes do Máster son Doutores en Dereito ou Ciencias Económicas da USC cunha ampla experiencia docente e investigadora que avala perfectamente a consecución dos obxectivos propios do título avalada polo número de quinquenios e sexenios obtidos polo profesorado.

- **Detección de necesidades de persoal académico.**

Como xa dixemos, a media de alumnos por grupo de docencia expositiva é una das mais altas da USC (IN55G) e a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G) é a maior de toda a Universidade, o que se traduce nunha sobrecarga de traballo para o PDI, ao soportar grupos de docencia maiores que, en ocasións, dobran a media da USC. Dados os mecanismos de corrección establecidos a custo cero (i.e., redución de grupos de docencia expositiva e interactiva), pode afirmarse que o profesorado é suficiente para desenvolver a súas funcións e atender aos estudantes. As peculiaridades xa sinaladas en relación co elevado número de alumnos que accederon á titulación nos primeiros cursos de posta en marcha do título, súmase na práctica outro elemento de distorsión: os alumnos repetidores. Estes alumnos non computan como tales aos efectos de reivindicar maior número de docentes para satisfacer a súa necesidades e cumprir así co disposto na Memoria, o que motivou a mencionada redución de grupos de docencia tanto expositiva como interactiva, así como a supresión das titorías en grupo reducido (mantéñense as titorías prestadas a nivel individual por cada un dos docentes). En consecuencia, as cifras de alumnos manexadas na Memoria referidas a docencia expositiva, interactiva e titorías son, de momento, inviables, polo que é absolutamente necesario que aumente o número de PDI na Facultade.

Grao en Criminoloxía

Como xa dixemos *supra*, na titulación de Grao en Criminoloxía, a media de alumnos por grupo de docencia expositiva é de 48.32 (IN55G), podendo afirmarse que o profesorado é suficiente para desenvolver a súas funcións e atender aos estudantes. En consecuencia, as cifras de alumnos manexadas na Memoria referidas a docencia expositiva, interactiva e titorías son, de momento, perfectamente viables.

Máster en Avogacía

Respecto ao profesorado, temos que indicar que o número, diversidade e especialización das materias que conforman o plan de estudos da titulación, esixe contar cun persoal amplo. Debe lembrarse que a Lei 34/2006 establece, no seu art. 4.3º, que nos cursos de formación para avogados hase de garantir “a presenza da metade, polo menos, de profesionais colexiados exercientes”; e o RD 775/2011, concreta, no seu art. 13, que “o persoal docente de todos os cursos de formación debe ter unha composición equilibrada entre avogados ou procuradores, segundo o caso, e profesores universitarios, de forma que en conxunto cada un deses colectivos non supere o sesenta por cento nin sexa inferior ao corenta por cento. Ademais, os avogados ou procuradores que integren o persoal docente deberán estar colexiados como exercientes polo menos desde tres anos antes e os profesores universitarios posuír relación contractual estable cunha universidade”, concepto este último que foi interpretado pola REACU no seu documento “Orientacións para a elaboración das memorias de verificación dos títulos de Máster vinculados ao acceso ás profesións de avogado e procurador” (versión 1.0 de 22.12.2011) como equivalente a profesorado contratado ou funcionario. No contexto anterior, a Comisión Académica do Máster acordou no seu día que o persoal docente do Máster estea integrado, en liñas xerais, por un 40% de profesorado universitario, un 50% de profesorado pertencente á Avogacía e un 10% de profesorado pertencente a outras profesións de relevancia para a formación do futuro avogado/ s, o que é respectuoso coa normativa de aplicación, como recoñece a

ACSGU no Informe final de Seguimento 2017/2018. Devanditas porcentaxes sofren lixeiras variacións en determinadas materias, en función da maior idoneidade dun ou outro tipo de profesorado, quedando sempre garantido que o número de profesores e a carga docente atribuída, en termos absolutos, respecte as porcentaxes indicadas. Por lo que respecta al **profesorado universitario**, está integrado por profesorado de las áreas de Ciencias Jurídicas (Procesal, Civil, Mercantil, Trabajo y Seguridad Social, Administrativo, Financiero y Tributario, Penal, Constitucional, Internacional Público e Internacional Privado) y de las Ciencias Sociales (Psicología Organizacional, Jurídica Forense y Metodología de las Ciencias del Comportamiento de la Universidad), que posee una **elevada cualificación y experiencia profesional**, como ha reconocido la ACSUG tanto en el Informe final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación (2016), como en el Informe final de Seguimiento 2017/2018: *“Los profesores académicos implicados en el título, de forma agregada, demuestra una experiencia docente e investigadora elevada”, “el profesorado de la Universidad cuenta con una trayectoria docente e investigadora consolidada”.*

- **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio**
 - **Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.**
 - **Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.**
 - **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.**
 - **Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia**
 - **Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia**

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

O persoal de administración e servizos que desenvolve a súa labor na Facultade de Dereito é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o PDI e estudantes. Con todo, do mesmo xeito que sucede no caso do PDI, sufriron recortes nos últimos anos. De acordo coa E-16-Información sobre o persoal de apoio, o Centro conta con 13 PAS, se ben non todos prestan servizo directo ao Grao en Dereito (sucede cos destinados no CEDE, un xefe de negociado destinado na Escola de Práctica Xurídica ou no Negociado de Criminoloxía, por exemplo). Destácase a antigüidade no posto e na escala, superior aos 8 anos excepto en dous casos.

Todo o PAS conta co nivel de cualificación esixido. Aínda que, faise constar que o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro, polo que tampouco procede valorar a contratación e mellora do persoal de apoio máis aló da reivindicación de PAS que alixeire a excesiva carga de traballo de xestión que na actualidade é asumida polo PDI.

A Universidade de Santiago de Compostela ofrece oportunidades aos membros do PAS para actualizarse e continuar coa súa formación. Na práctica, tradúcese nos niveis de participación en cursos recollidos no documento Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación. Especialmente salientable é o alto índice de participación do curso 2018/19 (58.33%), o que demostra o grao de implicación coa formación continua do noso persoal de administración e servizos. Así mesmo, o Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos no curso 2017/2018 revela que a media de satisfacción do PAS do Centro co seu traballo é dun 4.25, considerando que as súas funcións e responsabilidades están ben definidas (4.25), que o sistema de repartición de cargas de traballo é axeitado (3.25), no que se destaca o sentimento de pertenza a un grupo de traballo (4.50) e a facilidade para expresar as súas opinións no lugar de traballo (4.25).

Grao en Criminoloxía

Non hai datos específicos. Se aplican os propios do Centro.

Máster en Avogacía

A realidade diaria evidencia que o apoio administrativo directo ao título é prestado polo Xefe de Negociado da EPJ e a persoa de apoio administrativo dependente do ICA Santiago. Con todo, este persoal resulta insuficiente para atender todas as tarefas de xestión académica e administrativa, e de apoio á coordinación, atopándose na actualidade totalmente desbordado, pese ao esforzo e dedicación diaria que realiza. Esta sobrecarga de traballo parece con todo non afectar o grao de satisfacción media do PAS co traballo desenvolvido, pois a teor dos datos que lanzan as enquisas realizadas pola área de Calidade e mellora dos Procedementos da USC, devandito grao de satisfacción oscila entre os últimos anos entre o 4.25 e o 4.50%, cando a media da USC varía entre o 3.4 e o 3.7. Os datos achegados pola área de Calidade revelan tamén que este persoal considera que as súas funcións e responsabilidades están ben definidas (4.25), o sistema de distribución de cargas de traballo é adecuado (3.25), destacando un elevado sentimento de pertenza a un grupo de traballo (4.5), así como a facilidade para expresar as súas opinións no lugar de traballo (4.25); datos todos eles moi superiores ás medias da USC. Con todo, a imaxe positiva que traducen os anteriores indicadores pode ser errónea, ao tratarse dunha enquisa que abarca todo o persoal de administración e servizos que traballa na Facultade de Dereito, a maior parte do cal non ten participación/intervención directa nas tarefas de apoio á titulación. Queda tamén fóra da enquisa o persoal administrativo que o ICA Santiago e o ICA Lugo poñen ao dispor do Máster. Polo que se refire ao campus de Lugo, debido a que o Máster se imparte nas instalacións do ICA desa cidade, a USC non conta alí con persoal asignado especificamente a labores administrativos de apoio á coordinación académica, recaendo tal responsabilidade no PAS da USC destinado na EPJ de Santiago e no persoal do ICA de Lugo. Iso implica que o PAS da USC destinado na EPJ de Santiago debe realizar un dobre labor, atender ao Máster único nas dúas cidades, coa sobrecarga de traballo que iso implica. Pola súa banda, o persoal do Colexio só presta atención á coordinación profesional (que corresponde ao propio Colexio), quedando o apoio á coordinación académica nunha situación máis precaria. Xa se comunicou á USC a necesidade de asignar algún PAS para apoio directo á coordinación ou negociar co ICA de Lugo que o seu persoal atenda tamén as necesidades da coordinación académica, sen que se adoptaron solucións efectivas.

Pola súa banda, a realidade diaria evidencia que o apoio administrativo directo ao título é prestado polo Xefe de Negociado da EPJ e a persoa de apoio administrativo dependente do ICA Santiago. Con todo, este persoal resulta insuficiente para atender todas as tarefas de xestión académica e administrativa, e de apoio á coordinación, atopándose na actualidade totalmente desbordado, pese ao esforzo e dedicación diaria que realiza. Esta sobrecarga de traballo parece con todo non afectar o grao de satisfacción media do PAS co traballo desenvolvido, pois a teor dos datos que lanzan as enquisas realizadas pola área de Calidade e mellora dos Procedementos da USC, devandito grao de satisfacción oscila entre os últimos anos entre o 4.25 e o 4.50%, cando a media da USC varía entre o 3.4 e o 3.7. Os datos achegados pola área de Calidade revelan tamén que este persoal considera que as súas funcións e responsabilidades están ben definidas (4.25), o sistema de distribución de cargas de traballo é adecuado (3.25), destacando un elevado sentimento de pertenza a un grupo de traballo (4.5), así como a facilidade para expresar as súas opinións no lugar de traballo (4.25); datos todos eles moi superiores ás medias da USC. Con todo, a imaxe positiva que traducen os anteriores indicadores pode ser errónea, ao tratarse dunha enquisa que abarca todo o persoal de administración e servizos que traballa na Facultade de Dereito, a maior parte do cal non ten participación/intervención directa nas tarefas de apoio á titulación. Queda tamén fóra da enquisa o persoal administrativo que o ICA Santiago e o ICA Lugo poñen ao dispor do Máster. Polo que se refire ao campus de Lugo, debido a que o Máster se imparte nas instalacións do ICA desa cidade, a USC non conta alí con persoal asignado especificamente a labores administrativos de apoio á coordinación académica, recaendo tal responsabilidade no PAS da USC destinado na EPJ de Santiago e no persoal do ICA de Lugo. Iso implica que o PAS da USC destinado na EPJ de Santiago debe realizar un dobre labor, atender ao Máster único nas dúas cidades, coa sobrecarga de traballo que iso implica. Pola súa banda, o persoal do Colexio só presta atención á coordinación profesional (que corresponde ao propio Colexio), quedando o apoio á coordinación académica nunha situación máis precaria. Xa se comunicou á USC a necesidade de asignar algún PAS para apoio directo á coordinación ou negociar co ICA de Lugo que o seu persoal atenda tamén as necesidades da coordinación académica, sen que se adoptaron solucións efectivas.

Máster en Estudos Internacionais (MEI)

A principal dificultade na xestión da actividade do Máster atópase na falta de persoal administrativo de apoio o cal redonda

nunha saturación do traballo asumido polo coordinador.

Resulta imprescindible que tódalas titulacións oficiais da USC, incluídos os Másteres, conten co necesario respaldo administrativo na xestión e seguimento das cuestións relativas á calidade do título.

Así mesmo, a enquisa de satisfacción do PAS do centro co traballo desenvolvido neste curso académico mostra que o grao de satisfacción é dun 4.13 (nunha escala de 1-5).

Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria (MFIC)

A USC dispón de servizos centralizados de Xestión Académica, en cuxa estrutura se enmarca a Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, que coordina a xestión de toda a actividade administrativa derivada da xestión académica, económica e recursos humanos do Centro e presta apoio ás autoridades académicas na planificación e programación docente.

Nela enmárcanse os servizos administrativos e de xestión propios da Facultade de Dereito, que serían os que prestarían o servizo correspondente no Máster.

Por outra banda, debe facerse referencia aos técnicos de sistemas informáticos e bolseiros aula informática. A Rede de Aulas de Informática (RAI) da USC presta un gran apoio técnico informático nos diversos centros da Universidade, entre eles a Facultade de Dereito. Desta forma, facilítase o acceso dos alumnos ás diversas aulas de informática e a utilización dos seus equipos e servizos. Nos devanditas labores son especialmente importantes os Bolseiros de Aulas Informáticas, que permiten atender as incidencias das aulas en todo momento do horario de apertura.

Cóntase así mesmo co persoal da Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais "Concepción Arenal", situada nun edificio propio á beira do centro. O espazo distribúese en 6 pisos configurados en dúas áreas diferenciadas nas que o piso 0 de acceso actúa como elemento separador entre ambas: unha dirixida aos alumnos, con 900 postos de lectura, e outra de investigación para a consulta do fondo especializado con 78 postos. Conta ademais con 9 terminais para acceso ao catálogo automatizado, lectores de microformas, fotocopiadoras, e ordenadores para acceso a Internet e ás bases de datos.

Nas salas de lectura e na hemeroteca poden consultarse todos os libros e revistas da Biblioteca. Existe persoal que proporciona información e asistencia sobre a localización dos fondos e o manexo do catálogo automatizado. A Biblioteca permanece aberta en horario ininterrompido, e en período de exames con horario especial

Desde o cambio de modalidade de docencia á modalidade virtual todo o referente ao soporte técnico relacionado coa Plataforma de ensino virtual corresponde ao Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA). Así o CETA, que depende do Vicerreitorado de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, encárgase de coordinar o funcionamento e aparencia do Campus Virtual da USC, asumindo a administración e xestión deste, cumprindo deste xeito co obxectivo de desenvolver e aplicar as novas tecnoloxías da información e a comunicación á docencia universitaria.

As funcións do CETA son:

1. Coordinar os recursos e a oferta no campo da formación online da USC. Para cumprir con este obxectivo elabora, entre outros, directrices e protocolos de colaboración e seguimento da oferta dos distintos axentes da USC con implicación e actividade na docencia en liña.
2. Proporcionar apoio técnico e pedagóxico para a creación e materiais docentes en soporte multimedia, así como para a integración e bo uso das TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.
3. Crear guías técnicas e prácticas para a elaboración de materiais e uso das TIC, proporcionar servizos de formación e asesoramento no devandito ámbito, fomentar a elaboración de materiais por parte dos docentes e elaborar materiais e proxectos propios e/ou en colaboración con terceiros.
4. Fomentar o uso e as boas prácticas das TIC na actividade docente da USC.
5. Desenvolver proxectos e prestar servizos externos no campo da súa actividade.
6. Impulsar e xestionar o Campus Virtual da USC.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Grao en Dereito e Dobre Itinerario Dereito/Relacións Laborais e Recursos Humanos

As infraestruturas son satisfactorias, posto que se ampliou o aulario coas novas Aulas 12, 13, 14 e 15. As restantes aulas adaptáronse na medida na que a estrutura do edificio o permitiu, equipándose con tomas de corrente e mellorando a cobertura da rede wifi; Tamén se procedeu a equipar á facultade cunha Sala para Videoconferencias. Instaurouse tamén un servizo de préstamo de ordenadores portátiles para os estudantes. Máis información sobre as aulas da Facultade atópase na web: http://www.usc.es/gl/centros/dereito/horario_aulas.html

Existe unha sala de estudo/ lectura con extenso horario de apertura nas épocas próximas á realización de exames e manuais e textos de consulta; aula con computadores; etc. Recentemente tense dotado á Sala de Lectura con puntos de conexión á rede eléctrica, para facilitar a conexión de ordenadores. Con todo, a Sala de lectura precisa dunha reforma integral para aminorar a excesiva calor que se sofre sobre todo nos periodos de avaliación próximos ó verán. O proxecto pasa por poñer aire acondicionado e mellorar o mobiliario existente, con fin de que o alumnado poida desenrolar a actividade de estudo e traballo persoal con maior comodidade. Coa nova situación derivada da pandemia do COVID-19 non está clarificado aínda o momento de comezo da devandita reforma.

Por outra banda, procedeuse á instalación de ordenadores fixos nas aulas así como á renovación de proxectores e demais equipamento.

A Facultade de Dereito conta coa Biblioteca Concepción Arenal nas súas proximidades, cunha superficie 7.410 m² na que se pon a disposición dos seus usuarios as seguintes salas: Salas de lectura (3 andares inferiores): 1.030 postos de lectura; Sala de Traballo en grupo con 30 postos; 2 Salas de Formación con 60 postos; Salas de Investigación (2 andares

superiores): 75 postos individualizados; Depósito: Con fondo antigo (obras desde o século XVI).

En canto ao equipamento do que tamén dispoñen os alumnos de Dereito, sinalase o seguinte

Nº de Escáner: 1

Nº de PCs para consulta do catálogo da BUSC: 7

Nº de PCs para consulta de bases de datos e Internet: 2

Nº de portátiles en préstamo: 11

Nº de Fotocopiadoras: 3

Nº de Lector: reprodutor de microformas: 2

A Biblioteca “Concepción Arenal” -que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC)- reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento xurídica (vide Inf.2. Informe sobre recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria). Os fondos bibliográficos están diferenciados en libros de alumnos, manuais de apoio á docencia fundamentalmente, e libros de investigación. Na Sala de Lectura dos tres andares inferiores da biblioteca están depositados os manuais e a bibliografía recomendada aos estudantes, en libre acceso. O resto do fondo bibliográfico está situado nos dous andares superiores, onde se atopan as obras de investigación, tamén en libre acceso, agás o fondo antigo (anterior a 1940). Na Hemeroteca poden consultarse os números dos últimos anos dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos computadores, poden consultarse as revistas electrónicas e bases de datos. As coleccións da Biblioteca comprenden 176.890 volumes de monografías e 5.134 títulos de revistas en papel das cales 523 recibense periodicamente (dic. 2014). A participación da BUSC no Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA), permite o acceso desde a rede da USC aos principais títulos de revistas e bases de datos científicas. Como no resto dos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria, ofértanselle aos seus usuarios servizos de consulta en sala, préstamo a domicilio, intercampus e interbibliotecario, fotodocumentación, acceso á colección electrónica, información bibliográfica e formación de usuarios no uso e aproveitamento dos recursos documentais e do propio servizo bibliotecario.

A través da páxina web da biblioteca (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>) ofrécese ampla información sobre a BUSC e pódese acceder ao catálogo automatizado, repositorio *Minerva*, préstamo de libros electrónicos *PreLo*, coleccións dixitais e outros servizos vía web. Desde hai varios anos, a Biblioteca Concepción Arenal (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/conarenal/>) está presente ademais nas redes sociais a través do blogue *Fonte Limpa*, *Facebook*, *Google+*, *Issuu*, *Pinterest* o *Flickr*.

No capítulo de persoal, a biblioteca conta cun cadro de persoal integrado por 18 persoas, que se ocupan de que os usuarios reciban a atención e os recursos que precisan. O horario de apertura habitual é de luns a venres, de 8.30 h a 21.30 h, e de 10 a 19.30 en sábados, domingos e festivos de todo o ano. Ademais, en datas de exames, a Biblioteca Concepción Arenal oferta un horario extraordinario ata as 3.00 h, e de 24 horas, incluídos os sábados, domingos e festivos.

O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, desde obras xerais ata manuais especializados, permitindo ao estudante familiarizarse coa rica produción científica tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. A biblioteca é unha ferramenta de apoio fundamental nas seguintes materias e metodoloxías de ensino-aprendizaxe do Grao/Máster en Dereito, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das TIC: ofrece formación presencial e online en Competencias Informacionais en tres niveis: básico (alumnado de primeiros cursos), avanzado (orientada ao TFG e TFM), e experto (dirixido a doutoramento e PDI).

A Biblioteca xoga un papel fundamental na difusión e valoración da investigación do PDI da Facultade co mantemento ao día da súa produción científica, tanto monografías coma artigos, capítulos de libro e teses de doutoramento no catálogo da Biblioteca, en Dialnet, e nos seus rexistro persoais de ORCID. Asimesmo fai unha aposta decidida pola difusión da ciencia en aberto co mantemento do repositorio da USC MINERVA con esa produción científica en os TFGs e TFM mellor cualificados.

A biblioteca conta con rede wifi en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.

A consecuencia da nova situación derivada do COVID-19 a Facultade de Dereito subscribiu, ata o mes de setembro, o acceso ao texto completo de todos os libros que a editorial Tirant on line ten na súa Biblioteca Virtual, e que inclúe moitos dos manuais das bibliografías recomendadas o acceso é a través do enlace que hai na compilación de recursos ReBUSCa da Biblioteca a través do enlace é: <https://busconline.gal/recursos/?wpvmateria=dereito>

A Universidade de Santiago de Compostela conta cunha extensa rede inalámbrica que da cobertura á totalidade dos edificios dos Campus de Santiago de Compostela e Lugo. Esta rede está constituída por máis de 800 puntos de acceso en

máis de 100 edificios, configurando unha das redes inalámbrica máis extensas de Galicia. Proporciona servizos como EDUROAM (para PDI, PAS e Alumnos), tanto dentro da USC así como os membros doutras universidades europeas que estean adheridos á iniciativa eduroam.

Ademais, é posible acceder aos recursos electrónicos que ofrece a BUSC desde fóra do dominio USC é a través do servizo de proxy autenticado da USC. Este servizo é só para usuarios autorizados: PDI, PAS e Investigadores. Nas propias instalacións da Facultade sitúase o Centro de Estudos e Documentación Europea (<http://www.usc.es/es/servizos/cedel/>), centro de xestión de coñecemento ao servizo da comunidade universitaria, que tamén forma parte da Red Europe Direct. No caso dos recursos bibliográficos postos a disposición de PDI e Alumnado para facer fronte á nova situación derivada da pandemia, non é necesario o proxy, de xeito que o alumnado tamén pode acceder.

